

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 3 DE MAIO DE 2012

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:12 horas do día 3 de maio de 2012, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bertoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Panceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Sejido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

PUNTO PRIMEIRO.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE O NÚMERO 287/2012 DE 20 DE MARZO DO 2012 ATA O NÚMERO 388/2012 DE 18 DE ABRIL DE 2012

Os concelleiros danse por informados.

PUNTO SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NA LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA DO EXERCICIO 2011

Os concelleiros danse por informados.

PUNTO TERCEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDIMENTO DE EXERCICIO DE ACTIVIDADES MEDIANTE DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMUNICACIÓN PREVIA

O expediente consta de borrador da ordenanza reguladora do procedemento de exercicio de actividades mediante declaración responsable e comunicación previa e informe de secretaría 47/2012 de 20.4.2012. A aprobación da ordenanza segundo o procedemento previsto no artigo 49 da Lei de bases do réxime local foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo e Obras de 24.4.2012 por 3 votos a favor do grupo do PP e con 3 abstencións, 1 do grupo socialista, 1 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto.

Toma a palabra a voceira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bertoa Puente, unha vez concedida pola alcaldía, quen di que coa aprobación desta ordenanza búscase regularizar a actual e futura tramitación das actividades inocuas, buscando maior axilidade. Destaca que na disposición transitoria da ordenanza permítese aos solicitantes de licenzas en tramitación que desistan dos procedementos anteriores para continuar a tramitación conforme á ordenanza.

O alcalde fai a salvedade de que a voceira do grupo mixto non poderá intervir por mor dunha afonía e, acto seguido, concede a palabra ao voceiro do grupo socialista.

Toma a palabra, don Iván Puentes Rivera, por parte do PSOE, quen, tras dar a benvinda á nova secretaria, anuncia o voto a favor do seu grupo xa que considera que é un instrumento que regulariza un procedemento importante que deberá servir para axilizar as licenzas que se están a tramitar.

O alcalde dá a palabra ao grupo do BNG e, o seu voceiro, don Manuel Polo Gundín, anuncia o voto a favor, xa que considera que a adaptación a esta normativa europea que xa vén do ano 2006 pode ser positivo para axilizar o trámite de apertura de establecementos.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora do procedemento de exercicio de actividades mediante declaración responsable e comunicación previa que se transcribe a continuación:

ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE EXERCIZO DE ACTIVIDADES MEDIANTE DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMUNICACIÓN PREVIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, impón aos Estados membros a obriga de eliminar todas as trabas xurídicas e barreiras administrativas inxustificadas á liberdade de establecemento e de prestación de servizos que se contemplan nos artigos 49 e 57 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, respectivamente, establece un principio xeral segundo o cal o acceso a unha actividade de servizos e o seu exercicio non estarán suxeitos a un réxime de autorización. A transposición parcial ao ordenamento xurídico español realizado a través da Lei 17/2009, de 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, dispón que unicamente poderán manterse réximes de autorización previa cando así se estableza por Lei, cando non sexan discriminatorios, estean xustificadas por unha razón imperiosa de interese xeral e sexan proporcionados. En particular, considerarase que non está xustificada unha autorización cando sexa suficiente unha comunicación ou unha declaración responsable do prestador, para facilitar, se cómpre, o control da actividade.

No ámbito local, a licenza de apertura de establecemento constituíu un instrumento de control municipal co fin de manter o equilibrio entre a liberdade de creación de empresa e a protección do interese xeral xustificada polos riscos inherentes das actividades de producir incomodidades, alterar as condicións normais de salubridade e medio ambientais, incidir nos usos urbanísticos, ou implicar riscos graves para a seguridade das persoas ou bens.

As modificacións normativas introducidas no noso ordenamento xurídico coa transposición ao dereito interno das disposicións da Directiva de Servizos e as últimas reformas da Lei de bases do réxime local, obrigan as concellos a adaptar a súa normativa a un novo réxime no que con carácter xeral o exercicio de actividades non se somete á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo.

Dentro do amplo concepto de actividade de servizo acollida tanto na Directiva como na Lei 17/2009, resulta evidente que unha parte importante das mesmas veñen constituídas polas actividades comerciais reguladas pola Lei 13/2010, 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, pola que se traspón ao dereito galego a Directiva, establecendo no seu artigo 28 o seguinte réxime, polo que ás licenzas de apertura se refire:

“1. Para a apertura dun establecemento comercial será requisito imprescindible a obtención da licenza municipal de apertura ou de actividade ou, no seu caso, comunicación previa ou declaración responsable. Ademais do anterior, nos supostos previstos nesta lei, requírese a autorización comercial da Comunidade Autónoma.

2. As licenzas de apertura dos establecementos serán concedidas polos concellos, de acordo coa normativa vixente en materia de urbanismo, seguridade, salubridade e protección do medio ambiente.
3. En todo caso, as actividades comerciais non suxeitas ao trámite de incidencia, efecto ou impacto ambiental, nin ao informe da consellería titular da competencia en sanidade, estarán exentas da obtención da licenza municipal de apertura ou de actividade, bastando para o inicio desta a presentación dunha comunicación previa ou dunha declaración responsable.
4. Suxéitanse unicamente ao deber de presentar unha comunicación previa, asinada pola persoa transmitente e a adquirente, os cambios de titularidade das licenzas de actividade ou de apertura de establecementos e actividades comerciais.
5. Os datos contidos nas licenzas de apertura de establecementos comerciais ou, no seu caso, as comunicacións previas ou declaracións responsables recibidas serán comunicadas polo respectivo concello á dirección xeral con competencia en materia de comercio para os efectos da súa inscrición no Rexistro galego de Comercio de conformidade co disposto no Art. 8 desta lei”

Por outra banda, a lei galega de comercio interior só esixe a autorización comercial autonómica para a instalación, a ampliación e o traslado dos establecementos comerciais individuais ou colectivos que destinándose ao comercio polo miúdo de calquera clase de artigos teñan unha incidencia ambiental, territorial, urbanística e no sistema viario que transcenda o termo municipal no que se localicen, pola súa magnitude, importancia e características.

Para estes efectos entende que unicamente ten incidencia supramunicipal, e por tanto, están suxeitos á autorización comercial autonómica, a instalación e o traslado dos establecementos comerciais cunha superficie útil de exposición e venda igual ou superior a 2.500 metros cadrados polo impacto territorial, urbanístico, viario e medio ambiental xerado. Tamén será preceptiva a citada autorización no caso de ampliacións de establecementos comerciais cando a superficie que resulte tras a ampliación sexa igual ou superior a 2.500 metros cadrados.

En cambio, non precisarán tal autorización os establecementos comerciais individuais dedicados á exposición e á venda de automóviles, de embarcacións e outros vehículos, maquinaria industrial ou agrícola, de materiais para a construción e artigos de saneamento, que requiran un gran espazo físico, e tampouco a requiren os mercados municipais e os denominados centros comerciais abertos.

Resulta tamén salientable que no ordenamento galego, as licenzas de actividade e de apertura teñen o mesmo obxecto, son conceptos sinónimos. Así, como acabamos de ver “...Para a apertura dun establecemento comercial será requisito imprescindible a obtención da licenza municipal de apertura ou de actividade...”. Esta unificación xa se producira anteriormente por obra do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental. Dicimos isto, xa que na cultura administrativa local segue pesando a diferenciación entre licenza de actividade ou instalación e licenza de apertura ou de funcionamento, diferenciación derivada do vello RAMINP e que hoxe debemos superar, de tal maneira que a licenza de instalación virá subsumida na urbanística de obras e na de primeira utilización e a de apertura limitará o seu obxecto a autorizar o funcionamento da actividade obxecto do proxecto autorizado coa licenza de obras.

Como consecuencia, este Concello, dentro das medidas de adaptación á nova normativa, mediante a presente Ordenanza, pretende dar cumprimento ao exixido na DA 8ª da Lei 2/2011, de 4 de marzo, de economía sostible, regulando o réxime de declaración responsable e comunicación previa da prestación de servizos, de tal forma que, sen perxuízo das autorizacións urbanísticas que poidan proceder con carácter previo segundo a lexislación vixente, poderán iniciarse sen previa licenza municipal desde o mesmo día da presentación da declaración responsable, sen necesidade de esperar á finalización do control municipal, o cal se mantén aínda que se articule a posteriori.

Deste xeito, a mencionada presentación, e a toma de coñecemento por parte da Administración non supón unha autorización administrativa para exercer unha actividade, senón un medio para que a Administración coñeza a existencia da devandita actividade e activar as comprobacións pertinentes.

Óptase con carácter xeral por establecer o réxime de declaración responsable e non facer uso da comunicación previa, agás na transmisión de actividades - tanto as sometidas a licenza previa como a declaración responsable - debido a que ambos os dous instrumentos son igualmente áxiles para o cidadán aínda que coa vantaxe de que a declaración responsable contén unha maior garantía de información dos requisitos e responsabilidades que implica a actuación.

Polo tanto, en virtude da autonomía local constitucionalmente recoñecida, que garante aos Municipios personalidade xurídica propia e plena autonomía no ámbito dos seus intereses, e que lexítima o exercicio de competencias de control das actividades que se desenvolvan no seu termo municipal, dítase a presente Ordenanza previa observancia da tramitación establecida para ese fin polo artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

1. A presente Ordenanza ten por obxecto regular os procedementos de intervención municipal a través dos medios establecidos no artigo 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sobre os establecementos físicos, locais, ou lugares estables, situados no termo municipal de Fene destinados ao exercizo de actividades económicas por conta propia, prestadas normalmente a cambio dunha remuneración económica, incluídas no artigo 2 da Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo, ou a súa modificación, así como a comprobación do cumprimento e mantemento dos requisitos establecidos para o exercizo das devanditas actividades.

2. A finalidade desta Ordenanza é garantir que os establecementos físicos adicados á prestación de servizos cumpren coas condicións de tranquilidade, seguridade, salubridade e as que, no seu caso, estean dispostas nos plans de urbanismo debidamente aprobados, tal e como dispón o artigo 22.2 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Artigo 2. Definicións

Aos efectos desta Ordenanza entenderase por:

1. **Actividade Económica:** Toda aquela actividade industrial ou mercantil á que se refire o art. 22.1 do Regulamento de Servizo das Corporacións Locais.

2. **Servizo:** Calquera actividade económica por conta propia, prestada normalmente a cambio dunha remuneración.

3. **Declaración responsable:** o documento suscrito por un interesado en que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercizo, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente ao devandito recoñecemento ou exercizo.

4. **Establecemento:** acceso a unha actividade económica non asalariada e o seu exercizo, así como a constitución e xestión de empresas e especialmente de sociedades, nas condicións fixadas na lexislación, por unha duración indeterminada, en particular por medio dunha infraestrutura estable.

5. Establecemento físico: calquera infraestrutura estable a partir da cal se leva a cabo efectivamente unha prestación de servizos.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

1. O réxime de declaración responsable e control posterior aplícase a:

a) Apertura de establecementos físicos para o exercizo das actividades económicas incluídas dentro do ámbito de aplicación da Lei 17/2009, de 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, non sometidas a avaliación de impacto, efectos e incidencia ambiental nos termos da lexislación reguladora dos mesmos, e a de ruídos e prevención da contaminación acústica, agás cando por unha norma con rango Lei se estableza outro réxime de autorización.

b) Actividades comerciais non suxeitas ao trámite de incidencia, efecto ou impacto ambiental, nin ao informe da consellería titular da competencia en sanidade.

c) Modificacións das actividades sometidas a declaración responsable.

2. O réxime de comunicación previa aplícase a:

a) O cambio de titularidade das actividades reguladas no procedemento da presente ordenanza e ás que se refire o artigo 22.4 da Lei 13/2010, de comercio interior de Galicia.

3. Quedan fora do ámbito desta ordenanza:

a) As actividades propias de establecementos e espectáculos públicos, incluídas no catálogo galego destas actividades

b) Cando por razóns imperiosas de interese xeral, de orde pública, seguridade pública, saúde pública, seguridade dos destinatarios de bens e servizos, dos traballadores, protección do medio ambiente e o medio urbano, sexa de aplicación o procedemento de concesión de licenza municipal de apertura de conformidade coa Lei reguladora da actividade de que se trate.

c) Apertura de establecementos físicos para a prestación de servizos cando se encontren sometidas a instrumentos de prevención e control ambiental de competencia autonómica conforme á Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia.

d) Modificacións das actividades sometidas a licenza municipal.

4. Sen prexuízo do réxime e procedementos previstos nos anteriores apartados, as actividades neles referidas deberán obter as demais autorizacións que fosen preceptivas de acordo coa normativa sectorial aplicable.

Artigo 4. Exclusionións

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta Ordenanza os seguintes establecementos e actividades, que se axustarán ao que se estableza na normativa sectorial de aplicación:

a) O exercicio de actividades profesionais non mercantís ou industriais relacionadas na sección segunda das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas, sempre que se trate de uso de oficina ou despacho profesional, sempre que non produzan no seu desenvolvemento residuos, verteduras ou radiacións tóxicas ou perigosas, nin contaminantes á atmosfera non asimilable aos producidos polo uso residencial, que poidan precisar licenza de actividade.

Non están amparadas expresamente desta exclusión aquelas actividades de índole sanitaria ou asistencial que inclúan algún tipo de intervención cirúrxica, dispoñan de

aparellos de radiodiagnóstico ou en cuxo desenvolvemento se prevexa a presenza de animais.

A presente exclusión enténdese se prexuízo das licenzas urbanísticas de ocupación, utilización, uso ou o seu cambio, que sexan requeridas pola normativa urbanística.

b) Os establecementos situados en postos de mercado de abastos municipais.

c) Os quioscos para venda de prensa, revistas e publicacións, lambetadas, frores e outros de natureza análoga situada nos espazos de uso público do municipio.

d) A venda ambulante, situada na vía e espazos públicos.

e) O uso do dominio público que poida realizarse no exercicio dunha actividade económica.

Artigo 5. Normas comúns para o desenvolvemento das actividades

1. As persoas responsables das actividades e establecementos están obrigadas a desenvolverlas e mantelas nas debidas condicións de seguridade, salubridade, acústicas, accesibilidade e calidade ambiental, reducindo a posible afección dos espazos públicos e empregando as mellores técnicas dispoñibles, que se é o caso, resultaren necesarias para o cumprimento das condicións expresadas.

2. A declaración responsable quedará sen efecto no caso de que se suspenda a actividade ou cesamento o exercicio da mesma por un período superior a un ano. En tal caso, para poder reemprender o exercicio da actividade correspondente requirirase a presentación de declaración responsable.

Igualmente quedarán extinguidos os efectos da declaración responsable se a actividade a que a mesma se refire non comeza a exercitarse no prazo e seis meses contados dende a data da súa presentación.

Artigo 6. Consulta previa

1. Sen prexuízo do sinalado no artigo 18 da Lei 17/2009, de 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, os interesados poderán presentar solicitudes de consulta previa sobre aspectos concernentes a un proxecto de apertura de establecemento ou inicio de actividade, que acompañarán dunha memoria descritiva ou dos datos suficientes que definan as características xerais da actividade proxectada e do inmovible en que se pretenda levar a cabo.

2. A contestación á consulta realizarase de acordo cos termos da mesma e a documentación achegada, e farase indicación ao interesado de cantos aspectos concirnan á apertura do establecemento ou inicio da actividade, e en concreto:

a) Requisitos esixidos.

b) Documentación a achegar.

c) Administración que sexa competente en cada caso, en atención ao tipo de actividade de que se trate.

d) Outros aspectos que sexan de interese para a apertura do establecemento ou o inicio da actividade.

3. O sentido da resposta ás consultas formuladas non terá carácter vinculante para a Administración.

4. Se se presentase a declaración responsable nun momento posterior, farase referencia clara ao contido da consulta previa e a súa contestación.

Artigo 7. Documentación exigible

1. Na tramitación necesaria para o acceso e exercicio dunha actividade reguladas por esta ordenanza, só poderán esixirse os documentos ou datos que sexan estritamente necesarios para conformar a vontade da Administración e resolver en cada procedemento concreto, e que a Administración non poida obter polos seus propios medios.

2. Non se poderá exixir a presentación de documentos ou a achega de datos que xa estean en poder das Administracións Públicas.

3. O Concello promoverá, na medida da súa posibilidades, a dispoñibilidade dun sistema electrónico de intercambio de información co resto de Administracións públicas españolas e, no seu caso, coas institucións públicas europeas, que garanta a interoperabilidade da información contemplada nesta Ordenanza e na normativa vixente.

4. Non obstante o disposto nos apartados 2 e 3, aos efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para o acceso e exercicio dunha actividade, aceptaranse os documentos procedentes de calquera Administración pública española ou de calquera institución pública doutro Estado membro da Unión Europea, dos que se desprenda que se cumpren tales requisitos.

5. No caso de documentos emitidos por unha autoridade competente, non se esixirá a presentación de documentos orixinais ou copias compulsadas nin traducións xuradas, salvo nos casos previstos pola normativa vixente, ou xustificados por motivos de orde pública e de seguridade pública.

6. Aos efectos establecidos nos apartados anteriores, o solicitante deberá declarar en que Administración ou institución pública consta o dato ou a documentación orixinal. No caso de que tal Administración sexa distinta deste Concello, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, deberá autorizar expresa e inequivocamente a este Concello para a petición e obtención da devandita información, debendo constar devandito consentimento na solicitude de iniciación do procedemento ou en calquera outra comunicación posterior, salvo que sexa de aplicación o réxime de excepcións do consentimento previsto no apartado 2 do devandito artigo.

Cando se trate dun dato ou documentación que obre en poder deste Concello deberá informarse ao cidadán de que se vai a consultar o devandito dato ou documento.

Artigo 8. Documentación relativa á identidade e ao domicilio

1. Nos procedementos cuxa tramitación e resolución corresponda ao Concello, non se esixirá, a efectos da comprobación dos datos de identidade persoal, a achega de fotocopias do documento nacional de identidade nin do documento acreditativo da identidade ou tarxeta de residencia dos estranxeiros residentes en territorio español expedidos por autoridades españolas. A comprobación ou constancia dos datos de identidade realizarase de oficio polo órgano instructor, de acordo cos datos de identificación que obren en poder da Administración municipal, ou acudindo aos mecanismos de interoperabilidade.

2. Non se esixirá a achega do certificado ou do volante de empadroamento como documento acreditativo do domicilio e residencia, a quen estea empadroado neste Municipio e teña a condición de interesado nos procedementos cuxa tramitación e resolución corresponda a este Concello.

3. Nos procedementos municipais para cuxa tramitación sexa imprescindible acreditar de modo fehaciente os datos do domicilio e residencia do interesado neste municipio, o

órgano instructor comprobará tales datos. En todo caso, será preciso informar ao interesado de que os datos van ser consultados polo órgano instructor.

4. Nos procedementos municipais para cuxa tramitación sexa imprescindible acreditar de modo fehaciente os datos do domicilio e residencia do interesado noutros municipios, o órgano instructor comprobará tales datos, previo consentimento do interesado, salvo que sexa de aplicación o réxime de excepcións do consentimento previsto no apartado 2 do artigo 11 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

5. Se o interesado non prestase o consentimento mencionado no apartado 4, deberá achegar o certificado ou volante de empadramento, sendo a súa non achega causa para requirirle a subsanación de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 9. Documentación necesaria para as distintas actuacións

1. Adoptaranse modelos normalizados para facilitar aos interesados a achega dos datos e a documentación requirida. Os devanditos modelos deberán estar a disposición dos cidadáns por medios electrónicos no portelo único previsto no art. 18 da Lei 17/2009, de 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e na oficina municipal de información ao cidadán ou na Sede Electrónica do Concello.

2. Nas actuacións sometidas a declaración responsable achegárase a seguinte documentación:

a) Modelo normalizado de declaración responsable debidamente cuberto, en relación co cumprimento previo ao inicio efectivo da actividade e mantemento dos requisitos que fosen de aplicación ao exercicio da mesma. Así mesmo, incluírá unha autorización para a comprobación telemática con outras Administracións públicas dos datos declarados.

b) Acreditación da representación nos casos en que proceda.

c) Indicación que permita a identificación, ou copia da licenza urbanística de obras, primeira utilización ou modificación de uso, segundo corresponda, que faculte para o pretendido destino urbanístico do establecemento físico, sempre que manteña as mesmas características.

3. O declarante, na data de presentar a declaración responsable, queda comprometido diante do concello e baixo a súa responsabilidade, a dispoñer da seguinte documentación:

a) Licenza urbanística de obras, no suposto de que a apertura da actividade esixa a realización das mesmas.

b) Licenza urbanística de primeira utilización ou cambio de uso, no suposto de que a actividade non conte con outra licenza municipal que ampare o uso a desenvolver.

c) Título ou autorización de ocupación do local ou espazo destinado ao desenvolvemento da actividade.

d) Proxecto Técnico, asinado por técnico competente, se a actividade de que se trata o require segundo a lexislación sectorial reguladora da mesma e, en todo caso, cando deban de realizarse obras que poidan cualificarse como maiores ao tratarse das previstas polo artigo 2.2 da Lei de Ordenación da edificación. O proxecto ou nos seus anexos deberán incluírse os certificados acreditativos requiridos pola normativa sectorial de aplicación e no mesmo deberá xustificarse que o establecemento físico cumpre as condicións técnicas esixidas en materia de accesibilidade, seguridade e protección do medio, debendo estar visado de requirilo a lexislación vixente.

e) No suposto de que non sexa esixible Proxecto técnico, deberá contarse cunha Memoria Técnica descritiva e gráfica da actividade e do establecemento físico onde pretenda ubicar fisicamente a mesma e as súas instalacións, asinada por técnico competente, que inclúa os certificados acreditativos requiridos pola normativa sectorial de aplicación e na que se xustifique que o establecemento físico cumpre as condicións técnicas esixidas en materia de accesibilidade, seguridade e protección do medio.

f) Documentación complementaria esixida na normativa sectorial que regule a actividade de que se trate.

4. En caso de cambios de titularidade, á comunicación previa unirase copia do documento acreditativo da transmisión, e indicación que permita a identificación ou copia da licenza de apertura ou, se é o caso, da toma de coñecemento da declaración responsable.

CAPÍTULO SEGUNDO. RÉXIME DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

Artigo 10. Toma de coñecemento

1. A declaración responsable debe formalizarse unha vez acabadas as obras e instalacións conforme a licenza urbanística concedida e obtidos as demais autorizacións sectoriais necesarias para levar a cabo a actividade ou, no caso de que a prestación de servizos requira unha licenza urbanística de primeira utilización ou cambio de uso, unha vez obtida aquela.

2. A presentación da correspondente declaración responsable faculta o interesado ao inicio da actividade proxectada desde o mesmo día da presentación ou desde a data manifestada de inicio, para cuxa validez non se poderá postergar máis alá de seis meses.

3. A copia da documentación presentada e debidamente selada ou o recibo emitido polo rexistro electrónico terá a consideración de toma de coñecemento pola Administración. Este documento deberá estar de forma permanente no establecemento obxecto da actividade.

4. A toma de coñecemento non é unha autorización administrativa para exercer unha actividade senón un medio para que a Administración coñeza a existencia da devandita actividade e posibilitar un control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas que permiten esixir unha taxa pola actividade administrativa conforme se establece na correspondente ordenanza fiscal

Artigo 11. Comprobación

1. Se a declaración responsable non reúne os requisitos esixidos, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación da inmediata suspensión da actividade en caso de requisitos de carácter esencial. Así mesmo, indicarse que se non emendase a declaración responsable no prazo establecido se lle terá por non presentada, comportando a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada, e a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao inicio da actividade correspondente, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

2. Poderá requirirse ao interesado a achega ou exhibición da documentación que declare posuír así como a demais que sexa pertinente para a comprobación da actividade e, nomeadamente, a sinalada no artigo 9 desta ordenanza.

3. O control realizado posteriormente á presentación da declaración responsable formalizarase nun informe técnico que verifique a efectiva adecuación da actividade á normativa aplicable, sen prexuízo do procedemento de protección da legalidade que se é o caso puidese iniciarse.

4. No caso de que se realicen visitas de comprobación da actividade levantarse a correspondente acta de comprobación.

CAPÍTULO TERCEIRO. ACTIVIDADE DE CONTROL E INSPECCIÓN

Artigo 12. Actividades de control e inspección

1. A Administración municipal está obrigada a exercer de forma permanente e continuada as funcións de comprobación, vixilancia, control e inspección sobre as actividades que se realicen no término municipal. Esta obrigación conlevará a realización de determinadas actividades administrativas que suporán no seu caso a exacción das pertinentes taxas.

2. As actuacións de comprobación e inspección, así como as de vixilancia e control, axustaranse ás normas sectoriais que correspondan. En ausencia das mesmas serán de aplicación os preceptos contidos no presente Capítulo.

3. Os servizos municipais poderán realizar en calquera momento actividades de comprobación, vixilancia, control e inspección, podendo esixir así mesmo ao titular da mesma a presentación da documentación acreditativa do cumprimento de calquera esixencia ou requisito esixido para a realización da actividade de acordo coa lexislación vixente.

4. No suposto de apreciación de indicios da comisión dunha infracción, levantarase acta polo funcionario e formularase, no seu caso, proposta de adopción de cantas medidas resulten pertinentes.

5. Naquelas actividades de carácter técnico que requiran o exercicio de funcións de comprobación, vixilancia, control e inspección, e que sexan derivadas de competencias estatais ou autonómicas, a Administración municipal poderá solicitar o auxilio institucional das Administracións públicas competentes para levar a cabo tales funcións.

Artigo 13. Actas de comprobación, inspección ou control

1. As actuacións das actividades de comprobación, inspección e control finalizarán mediante o levantamento da acta pertinente, así como da adopción dalgunha das seguintes propostas no informe correspondente:

a) **Favorable:** no caso que a actividade comprobada, inspeccionada ou controlada, se exerza de acordo coa normativa en vigor.

b) **Condicionado:** no caso que se aprecie que a actividade comprobada, inspeccionada ou controlada, necesita adoptar determinadas medidas correctoras.

c) **Desfavorable:** no caso que a actividade comprobada, inspeccionada ou controlada, mostre irregularidades substanciais e se aprecie a necesidade de suspensión da citada actividade até o momento no cal se adopten as medidas correctoras pertinentes, no suposto que fose posible adoptalas. En caso contrario proporase o cesamento definitivo da actividade.

2. No suposto de informe condicionado ou desfavorable este será motivado e os servizos competentes determinarán o prazo para a adopción das medidas correctoras propostas.

3. Transcorrido o prazo anterior, salvo supostos excepcionais de prórroga que non excedan da metade do prazo inicial, sempre que as circunstancias o aconsellen e non se prexudique o dereito de terceiros, ditarase polo órgano competente resolución acordando a suspensión da actividade ata que tales medidas correctoras sexan adoptadas, sen prexuízo do procedemento sancionador que no seu caso se puido incoar.

Artigo 14. Suspensión da actividade

- 1. As actividades previstas na presente Ordenanza poderán ser obxecto de suspensión nos supostos que non sexan exercidas de acordo cos requisitos establecidos na normativa aplicable en cada caso.**
- 2. As denuncias que se formulen poderán dar lugar á apertura das dilixencias correspondentes a fin de comprobar a veracidade dos feitos denunciados.**
- 3. As actividades que se exerzan sen a presentación da correspondente declaración responsable ou comunicación previa, así como as que contraveñan as medidas correctoras que se determinaron, serán suspendidas pola Administración desde o mesmo momento en que se teña coñecementos de tales irregularidades.**
- 4. Así mesmo, a comprobación por parte da Administración Pública da inexactitude ou falsidade en calquera dato, manifestación ou documento, de carácter esencial, que se achegue, así como do incumprimento dos requisitos establecidos na lexislación vixente, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o mesmo momento en que se teña constancia expresa dos feitos e sen prexuízo do procedemento sancionador que se poida incoar como consecuencia de tales feitos.**

CAPÍTULO CUARTO. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 15. Infraccións e sancións

- 1. En defecto de normativa sectorial específica, teñen a consideración de infraccións administrativas as accións e omisións que vulneren as normas contidas na presente Ordenanza, así como a desobediencia dos mandatos e requirimentos da Administración municipal ou dos seus axentes ditados en aplicación da mesma.**
- 2. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves, de conformidade coa tipificación establecida nos artigos seguintes.**

Artigo 16. Tipificación de infraccións

1. Considéranse infraccións moi graves:

- a) O exercicio da actividade sen a presentación da correspondente declaración responsable.**
- b) O incumprimento da orde de cesamento ou suspensión da actividade previamente decretadas pola autoridade competente.**
- c) O incumprimento das sancións accesorias previstas no artigo 18**
- d) A reiteración ou reincidencia na comisión de faltas graves.**
- e) Aquelas condutas infractoras que determinen especiais situacións de perigo ou grave risco para os bens ou para a seguridade e integridade física das persoas, ou supoñan unha perturbación relevante da convivencia que afecte de forma grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas ou ao normal desenvolvemento das actividades.**

2. Considéranse infraccións graves:

- a) A falsidade en calquera dato, manifestación ou documento, de carácter esencial, que se achegar.**

- b) O mal estado dos locais e dependencias nas que se realice a actividade, en materia de seguridade, cando diminúa o grao de seguridade esixible.
- c) A dedicación dos establecementos a actividades distintas das declaradas
- d) O exercicio das actividades excedendo das limitacións fixadas na licenza de primeira utilización ou uso
- e) A modificación substancial dos establecementos e as súas instalacións sen a correspondente autorización ou toma de coñecemento.
- f) O incumprimento das medidas correctoras establecidas, se é o caso.
- g) O incumprimento do requirimento efectuado para a execución das medidas correctoras que se fixen.
- h) O incumprimento das condicións de seguridade que serviron de base para a apertura do establecemento ou o inicio da actividade.
- i) A presentación da documentación técnica final ou a sinatura do certificado final de instalación sen axustarse á realidade existente á data da emisión do documento ou certificado.
- j) A reiteración ou reincidencia na comisión de infraccións leves.

3. Considéranse infraccións leves:

- a) As accións ou omisións tipificadas como infraccións graves cando por seu escasa significación, transcendencia ou prexuízo ocasionado a terceiros non deban ser cualificadas como tales.
- b) O funcionamento da actividade con portas, ventás ou outros ocos abertos ao exterior, cando a actividade cause prexuízos ou molestias ao medio.
- c) Non encontrarse no establecemento o documento acreditativo da toma de coñecemento.
- d) A modificación non substancial das condicións técnicas dos establecementos sen a correspondente toma de coñecemento cando esta sexa preceptiva.
- e) A modificación non substancial dos establecementos e as súas instalacións sen a correspondente toma de coñecemento.
- f) Calquera incumprimento do que se establece na presente Ordenanza e nas leis e disposicións regulamentarias a que se remita, sempre que non estea tipificado como infracción moi grave ou grave.

Artigo 17. Sancións

A comisión das infraccións tipificadas na presente Ordenanza levará aparellada, en defecto de normativa sectorial específica, a imposición das seguintes sancións:

- a) **Infraccións moi graves: multa de mil cincocentos un euros a tres mil euros.**
- b) **Infraccións graves: multa de setecentos cincuenta e un euros a mil cincocentos euros.**
- c) **Infraccións leves: multa de cen euros a setecentos cincuenta euros.**

Artigo 18. Sancións accesorias

Sen prexuízo das sancións pecuniarias previstas, as infraccións tipificadas na presente Ordenanza levarán aparellada as seguintes sancións accesorias, cando se deriven efectos prexudiciais para a saúde, seguridade, medio ambiente, ou intereses públicos ou de terceiros:

a) Suspensión temporal das actividades e clausura temporal dos establecementos dun a tres meses para as infraccións graves e de tres a seis meses para as infraccións moi graves.

b) Inhabilitación do promotor para a realización da mesma ou análoga actividade en que se cometeu a infracción durante o prazo dun a tres meses para as infraccións graves e de tres a seis meses para as infraccións moi graves.

Artigo 19. Responsables das infraccións

1. Son responsables das infraccións, atendendo ás circunstancias concorrentes, quen realicen as condutas infractoras, e en particular:

a) Os titulares das actividades.

b) Os encargados da explotación técnica e económica da actividade

c) Os técnicos que subscriban a documentación técnica.

2. Cando o cumprimento das obrigas establecidas na presente Ordenanza corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán solidariamente das infraccións que se cometan e das sancións que se impoñan. No caso de extinción de persoas xurídicas, esixírase se é o caso a responsabilidade aos administradores das mesmas, na forma prevista nas normas por que se rexan aquelas.

Artigo 20. Graduación das sancións

1. As multas correspondentes a cada clase de infracción graduaranse tendo en conta a valoración dos seguintes criterios:

a) O risco de dano á saúde ou seguridade esixible.

b) O beneficio derivado da actividade infractora.

c) A existencia de intencionalidade do causante da infracción.

d) A reiteración e a reincidencia na comisión das infraccións sempre que, previamente, non sexan tidas en conta para determinar a infracción sancionable.

2. Terá a consideración de circunstancia atenuante da responsabilidade a adopción espontánea por parte do autor da infracción de medidas correctoras con anterioridade á incoación do expediente sancionador.

Artigo 21. Medidas provisionais

Nos termos e cos efectos previstos no artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, poderán adoptarse medidas de carácter provisional cando sexan necesarias para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer, as esixencias dos intereses xerais, a bo fin do procedemento ou evitar o mantemento dos efectos da infracción.

Artigo 22. Reincidencia e reiteración

1. Aos efectos da presente Ordenanza, entenderase que existe reincidencia nos casos de comisión dunha segunda infracción da mesma natureza no prazo dun ano desde que adquira firmeza a resolución administrativa.

2. Aos efectos da presente Ordenanza, considerarase que existe reiteración nos casos de comisión dunha segunda infracción de distinta natureza no prazo de dous anos desde que adquira firmeza a resolución administrativa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA. MODELOS DE DOCUMENTOS

1. Establécense os correspondentes modelos normalizados de declaración responsable e comunicación previa nos anexos I e II.
2. Facúltase á alcaldía para a aprobación e modificación de cantos modelos normalizados de documentos requira o desenvolvemento desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. PROCEDEMENTOS EN TRAMITACIÓN

En relación cos procedementos de autorización iniciada con anterioridade á entrada en vigor desta Ordenanza, os interesados poderán continuar a tramitación dos mesmos polos procedementos ou réximes regulados no presente, mediante comunicación a este Concello.

Disposición transitoria segunda. Mantemento temporal da licenza de apertura


1. O réxime de sometemento a licenza municipal de apertura ou actividade manterase para as actividades sometidas aos procedementos de declaración de impacto, efectos e incidencia ambiental previstos na Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia, ata que se modifiquen as referencias á devandita licenza na normativa medioambiental.
2. O réxime de sometemento a licenza municipal de apertura manterase para as actividades dentro do ámbito de aplicación da normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas ata que se modifiquen as referencias á devandita licenza ou establézase de maneira expresa a sometemento a declaración responsable.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango opóñanse ao que se establece nesta Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL. ENTRADA EN VIGOR

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte ao da súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

	CONCELLO DE FENE- ANEXO I
DECLARACIÓN RESPONSABLE DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS NON SOMETIDOS A LICENZA DE ACTIVIDADE OU APERTURA	

1 DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:		NIF/CIF/ ou equivalente:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:@.....

2 DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:		NIF/CIF/ ou equivalente:
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:@.....	
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:		

3 ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

DIRECCIÓN:		
LOCALIDADE:		
PROVINCIA:	PAIS:	CÓDIGO POSTAL:
TEL. FIXO:	TEL. MÓBIL:	FAX:
CORREO ELECTRÓNICO:		

4 DATOS DA ACTIVIDADE COMERCIAL

DIRECCIÓN:		
LOCALIDADE:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO:	FAX:	CORREO ELECTRÓNICO:@.....
GRUPO IAE:	NOME COMERCIAL DA ACTIVIDADE:	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:		
SUPERFICIE CONSTRUÍDA DO LOCAL ONDE SE VAIA EXERCER A ACTIVIDADE:		

5 TIPO DE ACTUACIÓN

<input type="checkbox"/> Apertura de establecementos para o exercicio de actividades económicas non sometidas á avaliación da incidencia ambiental nin no catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.
<input type="checkbox"/> Modificacións das actividades sometidas a declaración responsable.

OBSERVACIÓNS:

.....
.....
.....
.....
.....
.....

.....de.....de.....

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

1. O DECLARANTE ASUME BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE NESTA DATA CONTA E DISPÓN DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN

- Licenza urbanística de obras no suposto de que a apertura da actividade esixa a realización delas outorgada en data.....a favor de.....
- Licenza urbanística de primeira utilización ou cambio de uso, no suposto de que a actividade non conte con outra licenza municipal que ampare o uso a desenvolver outorgada en data.....a favor de.....
- Título ou autorización de ocupación do local ou espazo destinado ao desenvolvemento da actividade.
- Proxecto Técnico, asinado por técnico competente, se a actividade de que se trata o require segundo a lexislación sectorial reguladora da mesma e, en todo caso, cando deban de realizarse obras que poidan cualificarse como maiores ao tratarse das previstas polo artigo 2.2 da Lei de Ordenación da edificación. O proxecto ou nos seus anexos deberán incluírse os certificados acreditativos requiridos pola normativa sectorial de aplicación e no mesmo deberá xustificarse que o establecemento físico cumpre as condicións técnicas esixidas en materia de accesibilidade, seguridade e protección do medio, debendo estar visado de requerilo a lexislación vixente.
- No suposto de que non sexa esixible Proxecto técnico, deberá contarse cunha Memoria Técnica descritiva e gráfica da actividade e do establecemento físico onde pretenda ubicar fisicamente a mesma e as súas instalacións, asinada por técnico competente, que inclúa os certificados acreditativos requiridos pola normativa sectorial de aplicación e na que se xustifique que o establecemento físico cumpre as condicións técnicas esixidas en materia de accesibilidade, seguridade e protección do medio.
- Documentación complementaria esixida na normativa sectorial que regule a actividade de que se trate.

2. OUTROS DOCUMENTOS esixidos pola lexislación sectorial que se anexan con carácter voluntario sen prexuízo do posible requirimento da documentación que proceda no momento da comprobación ou da inspección da actividade:

3. DECLARACIÓN RESPONSABLE:

O/A EMBAIXO ASINANTE DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, QUE SON CERTOS OS DATOS QUE FIGURAN NO PRESENTE DOCUMENTO, QUE POSÚE A DOCUMENTACIÓN QUE ASÍ O ACREDITA E:

Que conta coa documentación que se establece como obrigatoria nesta ordenanza municipal.

Que o establecemento reúne as condicións establecidas no Código Técnico da Edificación, o Regulamento electrotécnico para Baixa Tensión, pola normativa de protección contra o ruído e contra a contaminación acústica, pola lexislación reguladora sobre accesibilidade, pola lexislación reguladora dos vertidos á rede municipal de sumidoiros, e polas disposicións legais e regulamentarias aplicables para que a actividade obxecto desta declaración poida ser exercida no referido emprazamento.

Que realizou, ou realizará antes do inicio da actividade, a Alta na Declaración Censual (modelo 036 da Axencia Tributaria), e a correspondente inscrición da empresa na Seguridade Social e apertura de conta de cotización, ou se é o caso, Alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

Que presentou o Boletín de instalación eléctrica na Consellería competente.

- Que conta con contrato de mantemento das instalacións de protección contra incendios, por empresa autorizada, en caso de ser legalmente esixible ou**

Que realizará as revisións periódicas dos equipos de extinción instalados.

Que conta coa documentación específica da actividade segundo a normativa sectorial de aplicación.

Que cumpre con todos os requisitos esixidos pola normativa para o exercicio da actividade incluída, no seu caso, a habilitación profesional de.....

Que manterá o cumprimento dos requisitos legalmente esixidos durante todo o período de tempo inherente ao exercicio da actividade.

Que dispón de título posesorio que lexitima a ocupación do local ou establecemento.


Que aos efectos da normativa sobre protección de datos persoais autorizo a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

Que COMUNICA que iniciará a actividade a partir do día...../...../..... (En caso de non indicar data, entenderase a partir do mesmo día da presentación).

(NOTA INFORMATIVA: O apartado 4 do artigo 71. bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, dispón que "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houberse lugar. Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.")

En, adede.....

Asdo.

	CONCELLO DE FENE ANEXO II
MODELO DE COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE	

1 DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:		NIF/CIF/ ou equivalente:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:@.....

2 DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:		NIF/CIF/ ou equivalente:
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:@.....	
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:		

3 ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

DIRECCIÓN:		
LOCALIDADE:		
PROVINCIA:	PAIS:	CÓDIGO POSTAL:
TEL. FIXO:	TEL. MÓBIL:	FAX:
CORREO ELECTRÓNICO:		

4 DATOS DA ACTIVIDADE COMERCIAL

DIRECCIÓN:		
LOCALIDADE:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO:	FAX:	CORREO ELECTRÓNICO:@.....
GRUPO IAE:	NOME COMERCIAL DA ACTIVIDADE:	
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:		

5 TIPO DE ACTUACIÓN

<p>CAMBIO DE TITULARIDADE: Deberá achegarse a seguinte documentación: ___ Documento acreditativo da transmisión</p> <p>Poderase achegar con carácter voluntario a seguinte documentación, sen prexuízo do posible requirimento da documentación que proceda</p> <p>___ Copia da licenza de apertura ou da toma de coñecemento, se é o caso, ou a seguinte indicación que permite a súa identificación.</p>

OBSERVACIÓNS:

.....
.....
.....
.....
.....

....., adede.....
Asdo.

PUNTO CUARTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO RELATIVO Á REORDENACIÓN DO TRÁFICO NO CAMIÑO DA CASANOVA EN FENE

O expediente consta do seguinte ditame da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servizos e Medio Ambiente aprobado por 3 votos a favor, 1 do grupo do BNG e 2 do grupo socialista e con 4 abstencións, 3 do grupo do PP e 1 do grupo mixto:

<<MOCIÓN PARA A REORDENACIÓN DO TRÁFICO NO CAMIÑO DA CASANOVA EN FENE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno local de Fene decidiu instalar hai uns meses un sinal de dirección prohibida no Camiño da Casanova na parroquia de Fene. Resultado desta decisión esta rúa quedou inhabilitada para a dobre dirección nun tramo curto pero significativo para converterse nun problema para moitos veciños que por alí pasaban para acceder a toda a zona do Sartego, o Tellado, Fonte do Campo e a instalacións municipais como o parque Castelao e a Casa da Cultura.

Desde o noso punto de vista non existe un criterio técnico nin de seguridade viaria que xustifique esta medida. Si hai unha petición dun grupo de veciños, que como tantas outras hai que ter en conta pero sempre desde o punto de vista do interese xeral do municipio. Por outra banda semanas despois da instalación do controvertido sinal foron entregadas no concello máis de 440 sinaturas de veciños e usuarios desta rúa pedindo a súa retirada.

O Informe da policía local é clarísimo á hora de avaliar o tráfico na zona e non ve nin aconsella esta medida. Ademais non existe unha referencia aos sinistros entre vehículos ou con peóns nesa zona, que ademais non é diferente a outras rúas de trazado antigo como a rúa Travesa ou a rúa Gerado Díaz en Fene ou o Bon Xesús en Barallobre. Podemos afirmar que gran parte da traza do camiño do Santiago no noso concello é de dobre dirección e de estreitas dimensións sen que exista unha incidencia significativa de atropelos ou sinistros xa que soportan maioritariamente tráfico local que se adapta ás circunstancias da vía.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O goberno municipal procederá á mellora na sinalización no Camiño da Casa Nova e do conxunto do Camiño de Santiago, tomando medidas que van dende a limpeza de beiras e cunetas, instalación de espellos, onde sexa necesario, e incluso sinais de preferencia de paso que melloren a permeabilidade da vía.

A medio prazo o goberno municipal xestionará a cesión de terreos para ir ensanchando o Camiño de Santiago en toda a súa traza urbana dende o límite con Neda ate Vilar do Colo.

O Camiño de Santiago debe recoller un tratamento específico no PXOM que está en revisión de tal xeito que se favoreza o paso dos peóns ademais dun tratamento especial e diferenciado.>>

Toma a palabra o voceiro do grupo do BNG que di que presentan esta moción por mor da decisión do goberno local no seu momento de colocar un sinal de dirección prohibida no Camiño de Casanova e Camiño de Santiago, sen criterio e sustentado nun informe da Policía Local que tanto pode sustentar a decisión de colocar ese sinal como outro en calquera tramo do camiño.

Afirma que é certo que o camiño é estreito pero, non obstante, considera que a medida tomada non mellora o tráfico substancialmente.

Prosegue dicindo que o Camiño de Santiago posiblemente tivera que ter unha solución con medidas máis brandas e non coa decisión do peche dunha dirección, xa que a casuística deste camiño ocorre en moitos outros tramos do Concello e mesmo o BNG ten instalado nalgunha ocasión algún sinal deste tipo nalgún tramo para despois ter que substituílo por unha preferencia de paso porque xeraba máis problemas que beneficios á hora de favorecer a trama urbana do Concello.

De seguido intervén o voceiro do grupo socialista que manifesta que están a favor da moción e a comparten, pero propoñendo dúas emendas: primeiro que o ensanche do Camiño de Santiago que establece sexa na traza urbana e, segundo, que se engada un novo punto que incorpore a adopción de medidas de regularización do tráfico no entorno da Casa da Cultura xa que hai un caos de tráfico nesa zona e é preciso adoptar medidas mentres siga como está.

O voceiro do grupo do BNG indica que a primeira emenda xa está incorporada ao ditame da Comisión Informativa e, en canto á segunda emenda, acéptaa, xa que se trata dun tramo perigoso sobre todo cando coincide coa actividade da Casa da Cultura e cre que é necesaria dita regularización.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo socialista que intervén en nome da voceira do grupo mixto que anuncia o voto a favor pero apunta que ocorre algo semellante co camiño de Orra en Sillobre, en canto á regulación do tráfico, e que o goberno municipal non adoptou a mesma solución que se adoptou aquí, polo que solicita que se teña en conta isto e se faga caso da súa petición.

Prosegue anunciando o voto a favor do grupo socialista, xa que existe un problema de tráfico evidente na zona que se debe mellorar e considera que a decisión tomada fíxose sen escoitar a todos os veciños da zona afectados, o que provocou que haxa sinaturas cruzadas.

En canto á traza do Camiño de Santiago comparten o espírito da moción inda que descoñecen como é contemplada no borrador do PXOM, que inda non puideron consultar, e destaca que cando gobernaba o seu partido unha das prioridades era a protección do camiño, xa que é unha fonte de coñecementos e ingresos, por tanto, unha oportunidade máis de futuro.

Remata a súa intervención dicindo que comparten a aposta de ir ensanchando cada vez máis o camiño e pensa que o uso de cesións é axeitado para isto, inda que haxa que asumir o custe de facer muros de contención.

De seguido intervén a voceira do grupo do PP que anuncia a abstención do seu grupo xa que di que as actuacións ás que insta o primeiro punto son as que xa está a facer o goberno municipal, como as de limpeza, colocación de espellos e a fixación da única dirección no camiño en aras da seguridade.

Di que respecto da ampliación do Camiño de Santiago a medio prazo, o grupo socialista e o BNG coñecen que nos PXOM'S anteriores se prevía esta ampliación, sendo o seu último orzamento de sesenta millóns das antigas pesetas, sen ter en conta as expropiacións.

Prosegue dicindo que considera esta ampliación como primordial e esperan non tardar trinta anos en podelo facer, que o borrador do PXOM neste sentido está igual que como o establecera o anterior goberno municipal e que tomarán en conta a suxestión feita pola voceira do grupo mixto respecto do camiño de Orra.

A continuación intervén o voceiro do grupo do BNG que pregunta que cousas se fixeron ademais da colocación do sinal de prohibición do paso e a colocación de dúas bandas rugosas.

Cre que a voceira do grupo do PP fixo unha interpretación sesgada, xa que o primeiro punto da moción pide que se mellore a sinalización e, deixándoa como está, non se mellora para nada.

Cre que a sinalización do camiño nas zonas onde se poden cruzar dous coches con sinais de preferencia de paso é máis que suficiente para mellorar o camiño.

Remata dicindo que cando se restaure a Casa de Cela e entre en funcionamento o acceso desta, terá que ser dando a volta pola Casa da Cultura e eles non lle ven moito sentido a manter ese sinal de dirección prohibida, non só polos veciños, senón tamén polo acceso aos equipamentos municipais próximos.

De seguido intervén o voceiro do grupo municipal socialista para dicir, respecto da intervención da voceira do grupo popular quen dixo que se tomaban medidas todos os días, que levan tres meses rogando que se regule o tráfico no contorno da Casa da Cultura e aínda non se fixo nada.

Remata o turno de intervencións a voceira do grupo popular que di que o goberno municipal está traballando neste tipo de actuacións pouco a pouco e que cando entre en funcionamento da Casa de Cela quizais haxa que tomar outra decisión respecto do tráfico.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor, 5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto, con 6 abstencións do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1. O goberno municipal procederá á mellora na sinalización no Camiño da Casa Nova e do conxunto do Camiño de Santiago, tomando medidas que van dende a limpeza de beiras e cunetas, instalación de espellos, onde sexa necesario, e incluso sinais de preferencia de paso que melloren a permeabilidade da vía.

2. A medio prazo o goberno municipal xestionará a cesión de terreos para ir ensanchando o Camiño de Santiago en toda a súa traza urbana dende o límite con Neda ate Vilar do Colo.

3. O Camiño de Santiago debe recoller un tratamento específico no PXOM que está en revisión de tal xeito que se favoreza o paso dos peóns ademais dun tratamento especial e diferenciado.

4. Que se regularice o tráfico no entorno da Casa da Cultura.

PUNTO QUINTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 4/2012

O expediente consta de Providencia da Alcaldía, informe da Concellería de Facenda, informe de Intervención e Proposta da Alcaldía de 18.4.2012, así como copia da factura a recoñecer de data 10.01.2011.

O asunto foi ditaminado favorablemente, con 2 votos a favor do grupo municipal do PP, 5 abstencións, 2 do grupo municipal do PSOE, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto, e ningún voto en contra, na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego de 23 de abril do 2012 para que o Pleno do Concello acorde:

“ASUNTO: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 4/2012

Visto o informe da Intervención municipal de 18 de abril de 2012 relativo á fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial nº 4/2012 por un importe total de 2950,00 € e que transcrito di:

“DE INTERVENCIÓN
O CONCELLO PLENO
INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Fiscalización previa preceptiva do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos polo Concello-Pleno nº 4/2012.

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE BÁSICA

-(TRLRFL) artigos 163,173,215 a 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido Da Lei Reguladora das Fachendas Locais.

-(RD500/1990) artigos 26.2c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do Título Segundo do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

-(LBRL) artigo 112.1 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime local.

-(TRRL) artigo 23.1 do Real decreto Lei 781/1986 polo que se aproba o Texto Reunido das Disposicións vixentes en materia de Réxime local.

Real Decreto 1496/2003 que regulamenta o deber de expedir factura que corresponde ós empresarios e profesionais.

-Bases de execución do orzamento do exercicio 2011, prorrogado.

ANTECEDENTES

Con data de 18 de abril, a Alcaldía propón a aprobación da relación de gastos co obxecto de proceder ó seu recoñecemento extraxudicial polo Concello-Pleno ó non ser incluídas no orzamento do exercicio económico que lle correspondía. O importe total ascende a 2950,00 €.

A relación de gastos é a que se determina na providencia de inicio do expediente.

INFORME

Primeiro.-Principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios: O artigo 163.5 do TRLRFL e o artigo 25 do RD500/1990 refírense ó principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios no ámbito local. Ditos créditos teñen carácter limitativo e vinculante, por eso non poden adquirirse compromisos de gasto por cuantía superior ó importe dos créditos autorizados no estado de gastos. A infracción do principio orzamentario penalízase coa nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que incurran na mesma.

Segundo.-Principio de anualidade orzamentaria: O artigo 26 do RD 500/90, que transcribe casi literalmente o artigo 163 do TRLRFL, refírese ó principio de especialidade temporal, según o cal con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán recoñecerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servicios e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Aínda así, aplicaránse ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as seguintes obrigacións:

- a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós Orzamentos Xerais da Entidade.
- b) As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación de créditos no suposto establecido no artigo 163.3.
- c) As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RD 500/90. Neste último artigo cítase a figura do recoñecemento extraxudicial de crédito.

Terceiro.-Concepto de recoñecemento extraxudicial de créditos: A xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentencias de 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986) atenúa o rigor na aplicación dos principios citados ó contrastarlos coa "Teoría do enriquecemento inxusto", pola que "no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades."

Ademáis debemos ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns. Estes principios, que xa foran recoñecidos pola xurisprudencia contencioso-administrativa, incorporáronse ó dereito positivo na Lei 4/99, que modifica parcialmente a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Do anterior dedúcese que o nome de "recoñecemento extraxudicial de crédito" deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servicios, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En todo caso, e aínda cando da interpretación dos artigos 26.2 c) e 60.2 do RD 500/90 pode desprenderse que, previo recoñecemento do Pleno, poden aplicarse ó orzamento vixente gastos realizados en exercicios anteriores, debe entenderse, como xa sinalou a Audiencia de Contas de Canarias, que esta excepción se contempla para convalidar situacións puntuales e irregulares e non como posibilidade regulada, na maior parte dos supostos, para realizar sistemáticamente gastos sin a suficiente consignación orzamentaria, debéndose evitar no posible a utilización desta figura controvertida.

Con igual claridade se manifesta o Consello de Contas de Galicia no informe de fiscalización do Concello de Boqueixón do ano 2000, que tras considerar censurable a utilización recorrente deste mecanismo xeneralizando así un procedemento que a lei prevé como excepcional para a protección de terceiros, sinala que:

"...tal excepcionalidad requiere la tramitación de un expediente para cada caso concreto en el que debería constar un informe o memoria del órgano gestor del gasto en el que se justifique cuáles fueron los motivos que dieron lugar a la realización de gastos sin ajustarse al procedimiento legalmente establecido"

Cuarto.-Enriquecemento inxusto da Administración: A proposta pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración. No noso dereito ,e a falta dun texto legal que consagre dito principio, foi a xurisprudencia a que fixo múltiples aplicacións da idea, que pode por elo considerarse como doutrina xurisprudencial.

Si finalmente se considera que o servizo debe de ser abonado polo concello, danse os requisitos para que prospere dita petición, xa que o concello obtería unha ventaxa patrimonial (servizo executado) e o contratista veríase empobrecido pola ventaxa obtida polo concello e non existiría causa que xustificase a merma patrimonial dos terceiros afectados.

Ademais os retrasos no recoñecemento e abono de obrigas poden dar lugar á reclamación de xuros de demora, co conseguinte perxuício económico para o concello.

Non obstante o anterior, debe advertirse que nalgún dos casos, é o propio proveedor o causante directo do recoñecemento extraxudicial na medida en que ´non presenta a factura ata meses, ou anos, despois de prestarse o servizo.

Quinto.- Competencia: A BEO 31ª/2011, prorrogado establece, entre outros que: "1.1.-O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno cando no expediente tramitado ó efecto non se acredite a existencia de crédito disponible suficiente nas partidas orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade con establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real DECreto 500/1990. En todo caso, enténdese que existe dotación orzamentaria cando o orzamento en vigor prevea aplicacións orzamentarias específicas para gastos relativos a exercicios anteriores e se correspondan cos que sexan obxecto de recoñecemento extraxudicial.

1.2. O Pleno do Concello autoriza a Xunta de Goberno Local co acto de aprobación deste orzamento a imputar a créditos do exercicio corrente gastos de exercicios anteriores que fosen contraídos sen a necesaria habilitación orzamentaria, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- Que afecten ás seguintes aplicacións orzamentarias de gastos dos conceptos 212, 213, 220, 214, 221, 226 e 227, cun límite acumulado máximo de imputación do 2% dos créditos iniciais a nivel de subconcepto e sen considerar o crédito existente ao nivel de vinculación xurídica no que se encontre.
- Que se trata de gastos realizados sen consignación orzamentaria pero que se encontran dentro dos límites cuantitativos e cualitativos do contrato menor que fixa a Lei de contratos do sector público.
- Que sexa emitido informe polo concelleiro delegado da área coa conformidade da Alcaldía, onde poña de manifesto que a imputación a créditos do exercicio de gastos de exercicios anteriores non lle afectará ao servizo da área, sendo suficiente o crédito que resta para os gastos do propio exercicio.

Se non se dan os supostos sinalados, será necesaria a aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito polo Pleno da Corporación acompañado, se é o caso, da previa ou simultánea modificación orzamentaria para habilitar crédito adecuado e suficiente para a imputación do gasto, que deberán concretar de modo singular, específico e con todo detalle, o motivo, a natureza e o montante do referido gasto.

Para autorizar pola Xunta de Goberno Local a dita imputación de obrigas de exercicios anteriores ao orzamento do exercicio corrente deberán incorporarse ao expediente os seguintes documentos:

1. Memoria xustificativa suscrita pola Alcaldía, sobre os seguintes extremos:

1. Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento orzamentario correspondente.
2. Data ou período de realización.
3. Importe da prestación realizada.
 1. Factura ou xustificación detallada da prestación realizada debidamente conformada polos responsables do servizo e, se é o caso, certificación de obra.
 2. Informe do xestor económico-financeiro ou análogo sobre a non superación do gasto acumulado doutros exercicios do 2% do crédito inicial do subconcepto ao que se pretenda imputar o gasto.

3. Informe do concelleiro correspondente coa conformidade da Alcaldía, no que se indique que non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria durante todo o ano en curso.
4. Documento pre-contable "ADO" (Autorización, Disposición do Gasto, Recoñecemento e Liquidación da Obriga) no caso de que se imputara a créditos do exercicio.

A aprobación do recoñecemento extraxudicial, que requerirá informe previo da Intervención Xeral que comprobará o cumprimento dos extremos anteriores, realizarase sen prexuízo das responsabilidades que, se é o caso, puidesen derivarse de contraer gastos sen a existencia da correspondente consignación orzamentaria.

1.3. O Pleno do Concello autoriza á Xunta de Goberno Local, co acto de aprobación deste presuposto, a aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito con cargo á dotación presupostaria específica, axeitada e con crédito abondo, identificada no presuposto de gastos co subconcepto "90" correspondente ao gasto efectuado en exercicios anteriores, que se identifique nominativamente na aplicación presupostaria específica debidamente consignada e aprobada polo Pleno (art. 60.2 RD 500/90).

1.4. O recoñecemento extraxudicial de créditos que lle corresponde aprobar ó Pleno esixe os seguintes trámites:

a) Recoñecemento da obriga, mediante a explicitación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación, motivando a necesidade de facer fronte, a favor do interesado, ao valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.

b) Existencia de dotación orzamentaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto, xa sexa mediante consignación inicial ou posterior ou ben derivada dunha modificación tramitada para o efecto.

A dotación orzamentaria, de existir no orzamento para gastos, en principio, do mesmo exercicio, requirirá o informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin ningunha limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte aplicación orzamentaria.

O expediente para o recoñecemento da obriga deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa realizada polo Alcalde, sobre os seguintes extremos:

- Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo e/ou orzamentario correspondente.
- Data ou período de realización.
- Importe da prestación realizada.

b) Factura detallada, ou documento que acredite a realización do gasto, da prestación realizada debidamente conformada polos responsables do servizo e, se é o caso, certificación de obra.

c) Informe do concelleiro correspondente co Vº e Prace do Alcalde, nos casos de imputación ao orzamento do exercicio corrente, de que non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria durante todo o ano en curso.

Noutro caso, o expediente de Recoñecemento Extraxudicial requirirá a tramitación previa ou simultánea de modificación de créditos.

d) Documento pre-contable "ADO" (Autorización, Disposición de Gasto, Recoñecemento e Liquidación da Obriga) no caso de que se imputase a créditos do exercicio ou proposta previa ou simultánea de modificación de crédito que permita asumir os gastos de exercicios anteriores. Neste último caso, se a aprobación inicial da modificación de crédito é simultánea á aprobación do Recoñecemento Extraxudicial de Créditos farase constar no acordo que a eficacia do dito recoñecemento queda condicionada á validez e eficacia da modificación acordada. Na medida en que a modificación non sexa eficaz, non poderá procederse á imputación orzamentaria dos gastos e ao seu pagamento.

e) Informe da Intervención Xeral....”

A competencia para a aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderalle ó Pleno en virtude do previsto nas BEO.

CONCLUSIÓN.-

A fiscalización desta intervención en relación co presente expediente de recoñecemento extraxudicial 4/12 é de conformidade, reiterando, en todo caso, a necesidade de evitar a utilización desta figura controvertida que a lei prevé como excepcional.

Segundo criterio da que suscribe o presente informe, si se acreditase a obrigación do concello de facer fronte ós gastos descritos, procedería, dado que non existe crédito no orzamento do presente exercicio para facer fronte ó gasto que se propón, que polo Pleno e baixo a súa responsabilidade, se procedera a recoñecer extraxudicialmente o crédito a favor dos terceiros antes relacionados. Non obstante, deben de poñerse de relevo as consecuencias negativas derivadas da tramitación deste tipo de expedientes, sendo entre outras:

* Xurídicas:

Co incumprimento da legalidade aplicable na realización do gasto público e a posible existencia e esixencia de responsabilidade de diversos tipos (administrativa, civil penal); debéndose ter especialmente en conta o establecido ó respecto na disposición adicional 5ª da LCAP referida á responsabilidade das autoridades e do persoal ó servizo das Administracións Públicas, artigo no que se dispón que:

“1. La responsabilidad patrimonial de las autoridades y del personal al servicio de las Administraciones Públicas derivados de sus actuaciones en materia de contratación administrativa, tanto por daños causados a particulares como a la propia Administración se exigirá con arreglo a lo dispuesto en el Título X de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común y en el Real Decreto 429/1993, de 26 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento de los procedimientos de las Administraciones Públicas en materia de responsabilidad patrimonial.

• La infracción o aplicación indebida de los preceptos contenidos en la presente Ley por parte del personal al servicio de las Administraciones Públicas, cuando mediare al menos negligencia grave, constituirá falta muy grave cuya responsabilidad disciplinaria se exigirá conforme a la normativa específica en la materia.”

Así mesmo, no artigo 60 do TRRL dispónse que:

“Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que, por dolo o culpa o negligencia, adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones legales, estarán obligados a indemnizar a la Corporación Local los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder.”

Con respecto ó indicado, no artigo 78 da LRBRL establécese que:

“1. Los miembros de las Corporaciones locales están sujetos a responsabilidad civil y penal por los actos y omisiones realizados en el ejercicio de su cargo. Las responsabilidades se exigirán ante los tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable.

2. Son responsables de los acuerdos de las Corporaciones locales los miembros de las mismas que los hubieran votado favorablemente.

1. Las Corporaciones locales podrán exigir la responsabilidad de sus miembro cuando por dolo o culpa grave, hayan causado daños y perjuicios a la Corporación o a terceros, si éstos hubiesen sido indemnizados por aquella.”

No artigo 225.1 do ROF establécese que :

“Las entidades locales podrán instruir expediente, con audiencia del interesado, para declarar la responsabilidad civil de sus autoridades, miembros, funcionarios y dependientes que,

por dolo o culpa o negligencia graves, hubieren causado daño y perjuicio a la Administración o a terceros, si éstos hubieran sido indemnizados por aquella.”

Así mesmo deberase ter en conta o establecido nos artigos 140 a 146 da LXO; no artigo 140 da citada Lei establécese que:

“Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que por dolo, culpa o negligencia graves adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones de esta Ley estarán obligados a indemnizar a la Hacienda Pública los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder.”

* Económico-orzamentario:

Derivado de que o gasto corresponde ó exercicio 2011 que teñen a consideración de pechados cos conseguintes quebrantos económicos á facenda municipal, distorsionando o resultado orzamentario real e incidindo negativamente nas previsións orzamentarias, e no equilibrio orzamentario real. En consecuencia, a imputación destes gastos de exercicios anteriores ó orzamento implicarán unha limitación importantísima de cara a poder recoñecer as obrigas do exercicio corrente.

*Comercial:

Así mesmo deberase ter en conta o quebranto económico causado a diversos provedores.

Fene, a 18 de abril de 2012.

A Interventora

Asdo: Marta Roca Naveira”

Considerando que no citado informe poñíase de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se procedese ó recoñecemento e pago dos citados gastos pois noutro caso estaríaase a producir un enriquecemento inxusto da administración.

Dado que o gasto ó que se fixo referencia corresponde a exercicios anteriores ó presente (exercicio2011), polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos. O nome de “recoñecemento extraxudicial de crédito” deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servicios, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando que tal e como se puxo de manifesto no informe da intervención municipal a competencia lle corresponde ó Pleno en virtude do contido das BEO..

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que, previo dictame da Comisión de FAcenda, polo Concello-Pleno se adopten os seguintes acordos:

1º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial dos gastos relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 4/12 por un importe total de 2950,00 €.

2º A conseguente aprobación, da relación dos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta a continuación:

TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE	APLIC. ORZ.
LA VOZ DE GALICIA RADIO, SLU	PUBLICIDADE DIA DA BICI	2950	341/22690

”

De seguido intervén o alcalde que di que se trata dunha factura relacionada coa celebración do día da Bici, di que esta factura quedou fóra do pago a provedores por extravío e ese é o motivo de que se tramite este expediente.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do BNG don Manuel Polo Gundín que anuncia a abstención do seu grupo, xa que non se van facer cargo do extravío nin da contratación dese servizo. Engade que ao seu grupo lle gustaría que este tipo de actividades se poidan organizar e facer polo club ciclista de Fene, ademais de que por esa cantidade de cartos se farían varias rutas.

A voceira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bertoa Puente, constesta ao voceiro do BNG, dicindo que esta factura se corresponde a unha actividade do ano 2008 que, por extravío, se volveu emitir agora e que este ano o día da bicicleta se organiza co club de Fene.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 12 votos a favor, 6 do grupo do PP, 5 do grupo socialista e 1 do grupo mixto, e con 5 abstencións do grupo do BNG.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial dos gastos relativos ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 4/12 por un importe total de 2950,00 €.

2º A conseguinte aprobación, da relación dos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta a continuación:

TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE	APLIC. ORZ.
LA VOZ DE GALICIA RADIO, SLU	PUBLICIDADE DIA DA BICI	2950	341/22690

PUNTO SEXTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA "GOLFO ÁRTABRO"

O expediente consta de proposta da alcaldía de 11.4.2012 e do seguinte ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego adoptado con 2 votos a favor do grupo municipal do PP, 5 abstencións, 2 do grupo municipal do PSOE, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto, e ningún voto en contra:

"Asunto: proposta de representantes en distintos órganos colexiados

O pasado día 11 de xuño do 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011.

Corresponde segundo o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986) nomear representantes da Corporación en órganos colexiados, que sexan da competencia do Pleno.

O Grupo de Acción Costeira "Golfo Ártabro" ten previsto reunirse en vindeiras datas e isto, xunto co feito de que o actual representante do Concello neste organismo data da lexislatura anterior é polo que esta Alcaldía cree axeitado que esta representación sexa exercida por un membro do goberno municipal e se deba tratar este asunto coma urxente no vindeiro Pleno.

Logo do que antecede proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Designar ós seguintes representantes do Concello nos órganos que de seguido se expresan:

1. Representate/s no Grupo de Acción Costeira "Golfo Ártabro"

Titular: dona Juana Barro Couto

Suplente: don Juan José Franco Casal”

Toma a palabra o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que anuncia o apoio do seu grupo á moción, rogando á elixida que traballe por transformar o Grupo en algo útil para o Concello e os cidadáns, xa que ata o día de hoxe non o foi.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

Designar ós seguintes representantes do Concello nos órganos que de seguido se expresan:

1. Representate/s no Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”

Titular: dona Juana Barro Couto

Suplente: don Juan José Franco Casal

PUNTO SÉTIMO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO RELATIVO PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Sométese á aprobación do pleno municipal o seguinte ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade ao que se chegou tras facer conxuntas dúas mocións presentadas polo BNG e o PSOE e que foi aprobado por 4 votos a favor, 2 do grupo municipal do PSOE, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto, e 3 abstencións do grupo municipal do PP:

“MOCIÓN PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do PP na Xunta de Galiza acaba de publicar o decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. No mesmo establécese que o Servizo de Axuda no Fogar é un servizo social comunitario básico de carácter público que debe ser garantido polos concellos. Tamén regula o financiamento do conxunto dos servizos sociais comunitarios e concretamente no que se refire aos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico soamente financiará ás corporacións locais de 20.000 ou máis habitantes, onde só financiará ao traballador/a social. Deste xeito, a inmensa maioría dos concellos galegos, que son os que contan con menos de 20.000 habitantes, van a ser excluídos das axudas que até o de agora viñan recibindo da administración galega.

As axudas da Xunta aos servizos sociais comunitarios xa foron recortadas os anos 2010 e 2011, especialmente no que se refire ao Servizo de Axuda no Fogar. O Plan de 2011 dispoñía de preto de 24 millóns de euros para as prestacións sociais básicas, servizos sociais comunitarios e plan de desenvolvemento xitano, e o goberno do PP os recortou en 2,4 millóns de euros

Para este ano 2012, o plan concertado quedou na metade, en 12,4 millóns de euros. As partidas do programa de servizos sociais comunitarios foron eliminadas e o plan de desenvolvemento xitano ten unha partida simbólica de pouco máis de 100.000 euros.

O decreto publicado vén a corroborar que o goberno do PP na Xunta de Galiza se desentende por completo dos servizos sociais comunitarios nos concellos de menos de 20.000 habitantes, en especial do Servizo de Axuda no Fogar Básico, o que obrigará no mellor dos casos aos concellos a financiar estes servizos e aos usuarios e usuarias a pagar máis nas súas aportacións como copago, ou no peor dos casos a que os servizos desaparezan e só se anteñan para as persoas dependentes coa prestación asignada no seu Plan Individual de Atención.

O propio decreto establece que as Deputacións terán que prestar axuda económica e técnica aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Non obstante, non as obriga con cantidades nin porcentaxes. En cambio obriga aos concellos. a aumentar o 20% para os concellos de menos de

20.000 habitantes, o 25% para os de 20.000 até 60.000 e o 33% para os de 60.000 ou máis habitantes.

Compre salientar que o Servizo de Axuda no Fogar Básico ou de libre concorrencia é ao que teñen que recorrer as persoas con problemas de desestruturación familiar, casos de enfermidade aguda tras alta hospitalaria, persoas en situación de dependencia aínda non valoradas, persoas en situación de dependencia valorada e con dereito pero que non teñen o acceso ao Servizo de Axuda no Fogar ou outra prestación asignada (por estar en lista de espera que hoxe en Galiza supera as 27.000 persoas).

O que se pretende con este decreto é trasladarlle aos concellos unha competencia, facer unha descentralización administrativa, pero sen financiamento, onde a Xunta de Galiza abdica das súas competencias para impoñerlle aos Concellos que poñan a disposición da Xunta as dependencias municipais, asumindo todos os custes, a xestión de todos os sistemas informáticos e as horas de traballo do persoal do Concello, para facerse cargo do Servizo de Axuda no Fogar Básico.

A Xunta de Galiza debe asumir as súas competencias e garantir uns servizos sociais comunitarios acorde coas necesidades da poboación. E garantir e xestionar un servizo público básico que debe chegar en igualdade de calidade e dereitos a todos os galegos e galegas independentemente do concello onde vivan, como acontece coa sanidade e co ensino.

Se non se fai así as consecuencias van a ser moi graves. En primeiro lugar para as persoas usuarias do servizo, en segundo lugar para as xa depauperadas arcas municipais e para os traballadores e traballadoras que realizan este servizo xa que perderán o seu emprego, pasando a incrementar a alta taxa de desemprego existente.

O mesmo decreto tamén establece unha nova regulación da participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar que incrementa de xeito substancial en case todos os tramos de renda o copago a realizar. Incrementos grandes para as persoas que teñen recoñecidas as prestacións por dependencia e aínda moito maiores para as que sen ter recoñecida a prestación están en grave situación de risco ou vulnerabilidade.

O goberno do PP na Xunta de Galiza ten a obriga de garantir o funcionamento do Sistema Galego de Servizos Sociais e con este decreto lesiona gravemente os dereitos das persoas e pon en grave risco o sistema de servizos sociais.

Por iso, o grupo municipal do BNG e o grupo socialista solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

- a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.
- b) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.
- c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.
- d) Derrogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP."

O voceiro do BNG, don Manuel Polo Gundín, manifesta que a moción vén determinada por unha decisión da Xunta de Galicia de reducir o financiamento do SAF, de tal xeito que só financiará aos Concellos de máis de 20.000 habitantes no caso do SAF básico.

Prosegue dicindo que nos anos 2010 e 2011 o SAF foi sufrindo distintos recortes e agora estamos diante doutro recorte máis do Partido Popular que carga aos concellos o financiamento e o mantemento deste servizo obrigatorio, isto é, faise unha obriga sen dar o financiamento, o que é

inaceptable politicamente, ademais de que pagan sempre os mesmos sectores sociais, os que máis o necesitan.

Seguidamente intervén o voceiro do grupo socialista, o concelleiro don Iván Puentes Rivera, que manifesta que dun xeito moi semellante presentaron unha moción que acabou consensuada coa moción do BNG que é a que vén ao Pleno, motivada polo recorte que está a recibir este servizo básico.

Di que perdeu a conta de que servizo esencial para a cidadanía non recibiu recortes por parte do Partido Popular, como é no caso da educación, sanidade e agora servizos sociais e que este decreto reduce drasticamente os cartos destinados a servizos sociais, cargando nos concellos a súa financiación, de forma que agora o pagan os beneficiarios dos servizos ou as contas municipais que xa están en mal estado.

Califica estas medidas como inxustas e innecesarias e di que o efeto dos recortes xa se está vendo no concello, poñendo como exemplo o centro sociocomunitario.

Remata a súa intervención dicindo que non comparten os recortes en época de crise, considerando que mesmo habería que gastar máis, xa que se hai algo que hai que facer nestes tempos é gastar máis en servizos sociais e en aqueles servizos que se precisan en tempos de dificultade.

De seguido intervén a voceira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bertoa Puente, que manifesta que na Comisión Informativa presentaron unha emenda á moción que transcrita di:

“Instar á Xunta de Galicia a que continúe financiando o servizo de axuda no fogar para persoas con dependencia e os traballadores de referencia na área social de tódolos concellos de Galicia, e a axilizar o financiamento destes dous apartados co fin de mellorar a capacidade económica das administracións locais; así como garantirá naqueles concellos que superen os 20.000 habitantes, ou aqueles que coordinando servizos e presentado a solicitude sumen máis de 20.000 habitantes, o financiamento do servizo de axuda no fogar básico.

Instar á Deputación da Coruña a que cumpra co establecido na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia e na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, prestando apoio técnico, económico e xurídico aos concellos para que desenvolvan as competencias que lle son propias en materia de servizos sociais comunitarios. Así mesmo, deberá manterse a necesaria colaboración e coordinación entre Xunta e Deputación, asegurando a Deputación da Coruña o financiamento do servizo de axuda no fogar básico e do persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios básicos con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do traballador social de referencia para as corporacións locais dos concellos de menos de 20.000 habitantes.”

Continúa dicindo que o sentido da emenda é definir claramente as competencias de cada Administración e non é certo que a Xunta non asuma economicamente o SAF, senón que busca a financiación da Deputación.

Di que o Real Decreto pretende definir as competencias de cada Administración e é falso que pretenda que os Concellos asuman este servizo, xa que o servizo de axuda no fogar de dependencia, que é a maior parte do SAF, seguirá sendo asumido pola Xunta de Galicia, mentres que o servizo básico será o que deba ser asumido polas Deputacións.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que non aceptan a emenda por varias cuestións: porque a Xunta de Galicia non pode deixar de atender as súas responsabilidades, xa que é quen ten a responsabilidade principal nesta materia e está a tentar desviar a atención buscando fórmulas para que paguen os usuarios a través dun sistema de copago ou ben buscando que paguen as deputacións, sen garantir nada aos Concellos de menos de 20.000 habitantes porque non hai un criterio de concerto senón de que se amañen coa correspondente deputación.

Considera que isto vai xusto na dirección contraria do que o seu grupo defende, ademais de que lle dá un papel superior ás deputacións sobre os concellos, cando son entidades locais exactamente iguais, que non teñen que vir a auxiliar nada neste sentido.

Di que o financiamento lle corresponde á Xunta de Galicia e en todo caso a deputación tiña que ser un ente colaborador e coordinador.

De seguido intervén o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que manifesta que rexeitan a emenda basicamente polo mesmo, porque entenden que as competencias son da Xunta de Galicia e esta non se pode desentender delas.

Di que nos vindeiros anos, se segue envellecendo a poboación, o custe do servizo será moi alto e é inxusto que sexan os concellos, que levan trinta anos esperando a reforma do seu financiamento, quen asuman esta responsabilidade.

Cre que isto suporía camiñar contra o Pacto Local, no que se falaba de clarificar competencias e quitarlle as impropias aos concellos, mellorando as súas economías.

Respecto da implicación das deputacións, di que inda hoxe Rajoy dixo no acto de toma de posesión de Romay Beccaría que había que repensar a fórmula do Estado, e supón que non aludiría ás Comunidades Autónomas senón ás deputacións. Considera que estas constitúen a Administración máis prescindible da estrutura do Estado, polo que este non é o momento de traspasarlles unha responsabilidade tan importante como esta.

Seguidamente intervén a voceira do grupo popular que manifesta que a emenda non pide que os Concellos ou usuarios asuman nada, que só se trata de delimitar as competencias entre as Administracións, tanto Xunta de Galicia como deputacións.

Considera que non é certo que este Real Decreto diga que a Xunta de Galicia non vaia a financiar a axuda no fogar, senón que con el se axilizan os pagamentos que pasarán a ser trimestralmente, asumindo a deputación esa parte segundo a Lei 5/1997 que lle corresponde, ao ter asignada a obriga de asumir certas competencias e coordinar certos servizos municipais, entre os que están os servizos sociais e garantir o financiamento.

Remata dicindo que ata o de agora ninguén esixiu a asunción destas competencias ás deputacións, pero que este é o momento para que así se poida continuar coa prestación do servizo.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do BNG que di que os concellos están aproveitando esa subvención ou axuda que establece a Lei do ano 1997 de forma que case que todos teñen persoal contratado ao seu abeiro. Considera que a Xunta de Galicia se está aproveitando desta Lei para empacar o servizo do SAF, o cal xa antigamente financiaban as deputacións (a de A Coruña no servizo básico), mesmo antes de existir a Lei de dependencia.

Continúa dicindo que coa entrada en vigor da Lei de dependencia, coa universalización do servizo, este servizo pasa a ser de competencia das Comunidades Autónomas, sendo á Xunta de Galicia á que lle vén unha financiación específica para isto.

Di que o problema está no servizo que hai que prestar aos dependentes ata que se lles recoñece o servizo, o que normalmente recae no servizo de axuda do fogar básico, servizo que xa estaba pouco financiado e que agora se elimina.

Remata o turno de intervencións a voceira do grupo do PP que manifesta que estarán todos de acordo en que o financiamento non o asuman os usuarios nin o Concello, que o que está claro é que a Xunta de Galicia asumiu no ano 2011 e asumirá neste trinta millóns de euros e que o SAF básico son quince millóns de euros, que é o que se supón que terá que asumir a Deputación.

Considera que os concellos están afogados e que non ten por que ser a Xunta a que financie isto, que o caso é que os servizos estean financiados, non podendo pola situación actual a Xunta asumir todo isto, polo que o que hai que facer é cumprir a Lei e que cada Administración asuma as súas responsabilidades dentro das súas obrigas, inda que ata o de agora non se fixera.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor, 5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto, e 6 votos en contra do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

Instar á Xunta de Galiza a

a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.

b) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.

c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.

d) Derrogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP.

PUNTO OITAVO.- MOCIÓNS

A alcaldía presenta dúas mocións urxentes:

1.- MOCIÓN URXENTE DE APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: TRAS DO RÍO, LAMEIRA E OUTROS.

A Alcaldía propón a aprobación do Proxecto reformado de pavimentación de camiños municipais: Tras do río, Lameira e outros redactado pola enxeñeiro de camiños don Marcelino López Méndez con data febreiro 2012, que conta co informe técnico favorable do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal don Lino Ameneiro Seijo de data 29.02.2012.

Sometida a votación a urxenza do asunto foi aprobada por unanimidade dos concelleiros, quedando incluído na orde do día.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro D. Iván Puentes Rivera que anuncia o voto a favor do seu grupo e roga que os camiños que haxa que quitar dalgún proxecto por problemas se teñan en conta para futuras actuacións.

De seguido intervén o voceiro do BNG, don Manuel Polo Gundín, que manifesta que non dixeron nada sobre a urxencia, xa que se trata dunha obra incluída nun plan provincial do ano 2008, pero que o lóxico sería que isto fora á Comisión e que viñera ditaminado para o tratar no Pleno. Non obstante, como é unha obra que xa vén de atrás, van asumir que se trate no Pleno, pero quere deixar constancia de que o normal é o procedemento exposto anteriormente e que hai unhas obras que non aparecen no plan por unha serie de problemas e cuestións técnicas que hai que mellorar, as cales pide se manteñan vivas e que durante este ano se poidan facer os trámites necesarios para que se poidan acometer e non se perdan os cartos do plan provincial.

De seguido intervén o alcalde para dicir que se trata dun proxecto por todos coñecidos, que houbo que retirar do proxecto un camiño privado e que noutra obra tamén hai outros problemas semellantes que tratarán de solucionar.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

Aprobar o Proxecto reformado de pavimentación de camiños municipais: Tras do río, Lameira e outros redactado pola enxeñeiro de camiños don Marcelino López Méndez con data febreiro 2012.

2.- APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCIERO PARA O EXERCICIO 2012.

Toma a palabra o voceiro do BNG que anuncia o voto en contra en relación coa urxencia, porque entende que este plan non a admite no pleno, inda que si a admitiron na comisión.

De seguido intervén o voceiro do grupo socialista que manifesta que o seu grupo vai votar a favor da urxencia, xa que segundo informa a Intervención municipal hai que aprobar o plan neste momento e o prazo acábase.

O asunto queda incorporado á orde do día por maioría absoluta de 12 votos a favor, 6 do grupo do PP, 5 do grupo socialista e 1 do grupo mixto, con 5 votos en contra do grupo do BNG.

O expediente consta de providencia da alcaldía de 13.04.2012, plan económico financeiro de 24.04.2012, informe de intervención de 25.4.2012, proposta da alcaldía de 26.04.2012 e informe complementario de intervención de 3.05.2012.

A Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do Concello de Fene, en sesión extraordinaria urxente celebrada en data 30 de abril do 2012 emitiu o seguinte

ditame favorable para aprobar polo pleno con 2 votos a favor do grupo municipal do PP, 5 abstencións, 2 do grupo municipal do PSOE, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto, e ningún voto en contra:

<< ASUNTO.- APROBACION DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO PARA O EXERCICIO 2012.

Proponse para a súa aprobación polo Pleno do Concello o presente plan económico-financeiro, de formulación obrigada xa que o resultado da avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria efectuado pola Interventora do concello no seu informe de 3 de febreiro de 2012 en relación coa liquidación do orzamento para o ano 2011 foi de incumprimento do obxectivo de equilibrio ou superávit, todo elo en aplicación dos artigos 19 a 22 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.

Logo de ver o informe favorable da Intervención municipal de 25 de abril de 2012.

Esta Alcaldía, propón previo ditame da Comisión informativa, a adopción do seguinte acordo polo Pleno da Corporación:

Primeiro.- Aprobar o Plan Económico-financeiro para o exercicio 2012 cuxo texto se transcribe a continuación:

"PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO

I. XUSTIFICACIÓN

Proponse para a súa aprobación polo Pleno do Concello o presente plan económico-financeiro, de formulación obrigada xa que o resultado da avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria efectuado pola Interventora do concello no seu informe de 3 de febreiro de 2012 en relación coa liquidación do orzamento para o ano 2011 foi de incumprimento do obxectivo de equilibrio ou superávit, todo elo en aplicación dos artigos 19 a 22 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.

II. CONTIDO DO PLAN

Relación de entidades dependentes: En aplicación do artigo 2 do RD 1463/2007 non existen entidades dependentes do Concello que deban ser tidas en conta para a elaboración do presente plan.

Informe de avaliación do obxectivo de estabilidade: A Interventora do Concello, con data 3 de febreiro emitiu informe de avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria acerca da liquidación do orzamento do exercicio 2011, no que conclúe unha existencia dun desequilibrio de 55307,37 € en termos financeiros, e textualmente di no apartado de conclusións que:

"Conclúese, dos cálculos anteriores, a situación de incumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria, polo que, de conformidade co previsto nos artigos 16, 19 e 21 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei Xeral de Estabilidade Presupostaria, procede:

- a) Elevar este informe ó Pleno para a súa toma de razón.*
 - b) Remitilo ó organismo da Comunidade Autónoma que exerce a tutela financeira no prazo de quince días hábiles contados dende o coñecemento do Pleno, e*
 - c) A aprobación polo Pleno dun plan económico-financeiro, ben no prazo de tres meses a contar dende a aprobación da modificación presupostaria, ben na mesma sesión na que se tome razón deste informe, plan que conterá as medidas necesarias para alcanzar o reequilibrio nun prazo máximo de tres anos, e cuxo contido se axustará ó previsto no art. 20 do RD 1463/2007.*
- Non obstante o anterior, e tendo en conta que nos últimos dous exercicios se eximiu ás entidades locais que presentaran un déficit inferior ó límite autorizado pola Administración do Estado (5,53% no ano 2010 e 5,17% no exercicio 2009) da obriga de presentar e aprobar planes económicos financeiros de reequilibrio, e considerando asimesmo que estes acordos foron adoptados entre os meses de febreiro e marzo de cada exercicio, as conclusións anteriores poderían verse modificadas no suposto de que se autorizase neste exercicio un déficit de financiación e sempre que*

o déficit de financiación do concello neste exercicio (0,00477%) fose inferior a ese déficit autorizado.”

3. Información de ingresos e gastos axustada ó SEC 95, a nivel de capítulo, do da situación actual e do proxecto de orzamento para 2012: A continuación detállanse, resumidas por capítulos, a situación actual e a proxectada para o orzamento de 2012:

3.1.- Situación actual.

3.1.1. Situación a data 31/12/2011 da estabilidade orzamentaria, segundo a liquidación do orzamento de 2011:

1.-VALORACIÓN DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANZAMENTO EN TERMOS NON FINANCIEROS.

	Dereitos recoñecidos	Obrigas recoñecidas
Capítulo 1	3753331,18	4323947,89
Capítulo 2	105101,66	4163781,25
Capítulo 3	2204671	61196,42
Capítulo 4	3591258,98	266428,16
Capítulo 5	48178,36	0
Capítulo 6	0	2492987,31
Capítulo 7	1329961,31	0
Total Capítulos 1 ó 7	11032502,49	11308341,03

Capacidade/Necesidade de financiación ANTES de axustes: - 275838,54 €

A) AXUSTES A REALIZAR EN INGRESOS

Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos:

Ano 2011	Dereitos recoñecidos	Cobros corrente	Cobros pechados	Total cobros	Axuste
Capítulo 1	3753331,18	3742783,57	53867,36	3796650,93	43319,75
Capítulo 2	105101,66	87995,85	0	87995,85	-17105,81
Capítulo 3	2204671	1905806,93	827666,7	2733473,63	528802,63
TOTAL	6063103,84	5736586,35	881534,06	6618120,41	555016,57

Unha vez aplicados os axustes correspondentes, a situación final a efectos do cálculo de estabilidade, capítulos 1 a 7 quedaría como segue;

Capítulos	Dereitos reconocidos netos, corrente	Axuste	Total Cap. 1 a 7 axustado

Cap.1	3753331,18	43319,75	3796650,93
Cap.2	105101,66	-17105,81	87999,85
Cap.3	2204671	528802,63	2733473,63
Cap.4	3591258,98	0	3591258,98
Cap.5	48178,36	0	48178,36
Cap.6	0	0	0
Cap.7	1329961,31	0	1329961,31
Total cap. 1 a 7	11032502,49	555016,57	11587523,06

B) AXUSTES A REALIZAR EN GASTOS;

1.-Gastos realizados pendientes de aplicar ó orzamento (conta 413).

CAPACIDADE / NECESIDADE DE FINANCIAMENTO EN TERMOS FINANCEIROS (a) - (b)	1.112.975,48 €
- 501.629,15	
CAPACIDADE /NECESIDADE DE FINANCIAMENTO EN TERMOS FINANCEIROS (d) - (c)	
Saldo inicial conta 413	
Saldo final conta 413	548068,68
Axuste	-564.906,80 €

2.- Axuste gastos financiados con RLT: 493.396,28 euros

TOTAL AXUSTE NETO GASTOS:

Capítulo	Obrigas reconocidas netas antes de axuste (€)	Axustes (€)	Total cap. 1-7 axustado (€)
Cap. 1-7	11308341,03	-564906,80 -493396,28	10250037,95

LIQUIDACION 2011	IMPORTES
a) TOTAL INGRESOS CAPÍTULOS 1 a 7 AXUSTADOS	11.587.523,06 €
b) TOTAL GASTOS CAPÍTULOS 1 a 7 AXUSTADOS	10.250.037,95 €

c) CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIACIÓN	1.337.485,11 €
--	----------------

% Superávit de financiación = 11,54%

2.- VALORACIÓN DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANZAMENTO EN TERMOS FINANCIEROS.

INGRESOS			GASTOS		
Cap	Denominación	Dereitos Reco.	Cap	Denominación	Obrigas Reco.
8	Activos Financieros	34.092,84 €	8	Activos Financieros	34.092,84 €
9	Pasivos Financieros	596.715,51 €	9	Pasivos Financieros	541.408,14 €
Variac. activos financieros (cap 8G- cap 8I) =0,00			Variac. pasivos financieros (cap 9I -cap 9G)= + 55.307,37 €		
Capacidade/necesidade de financiamento (variación activos-variación pasivos): - 55.307,37 €					

3.1.2.- Situación das principais magnitudes orzamentarias e económicas nos tres últimos exercicios.

A partir dos datos obtidos dos orzamentos dos tres últimos exercicios liquidados, expóñense a continuación as magnitudes orzamentarias e económicas mais significativas, a través das cales se pon de manifesto a situación orzamentaria e económico financeira actual deste Concello.

	2009	2010	2011
Resultado orzamentario	1.291.947,02 €	105.746,58 €	570.359,79 €
Remanente de tesourería para gastos xerais	503.518,91 €	500.584,15 €	390.352,24 €
Estabilidade orzamentaria cap. 1-7	-579.831,54 €	886.884,76 €	1.337.485,11 €
Estabilidade orzamentaria cap. 8-9	390.003,51 €	133.750,77 €	- 55.307,37 €
Aforro neto	1.259.732,46 €	248.150,15 €	555.039,39 €
% Débeda viva	29,20%	30,96%	27,71%

-Grado de execución de orzamento de gastos e ingresos.

GASTOS

	Créditos definitivos 2009	Créditos definitivos	Créditos definitivos 2011	Obrigas recoñecidas 2009	Obrigas recoñecidas	Obrigas recoñecidas 2011	Grado de execución 09	Grado de execución	Grado de execución 11

		2010			2010			10	
Operacións correntes	9.964.442,76	9746530,75	9289446,65	8.517.487,74	8.337.528,12	8815353,72	83%	92,00%	95,00%
Operacións de capital	5.936.655,72	6308773,99	5843139,72	1.459.036,77	3.204.315,65	3068488,29	54%	28,00%	53,00%

INGRESOS

	Previsión definitiva 2009	Previsións definitivas 2010	Previsións definitivas 2011	Dereitos recoñecidos 2009	Dereitos recoñecidos 2010	Dereitos recoñecidos 2011	Grado de execución 09	Grado de execución 10	Grado de execución 11
Operacións correntes	10.983256,92	10063757,06	9513682,49	10.008.978,52	9167731,32	9702541,18	91%	91,00%	102,00%
Operacións de capital	6.490.700,15	59914547,68	5618903,88	1.914.807,29	2073027,37	1960769,66	29%	35,00%	35,00%

3.1.3.- Diagnóstico da situación actual.

A elaboración do presente plan económico financeiro realízase como consecuencia do que se expuxo no apartado I do presente documento relativo á xustificación, isto é, como consecuencia da necesidade de financiación en 55307,37 € manifestada na liquidación do orzamento do exercicio 2011.

En todo caso, á vista da liquidación do exercicio 2011, pódese afirmar que o Concello atópase nunha situación económica saneada, e elo polo seguinte:

1. O resultado orzamentario axustado foi de 570.359,79 €.
2. O aforro bruto elevouse à contía de 1.277.329,12 €.
3. O aforro neto legal foi de 555.039,39 € o que permitiu financiar os investimentos no exercicio 2011 mediante recursos propios de natureza corrente.
4. No tocante à Tesourería, os fondos líquidos a 31 de decembro ascendían à contía de 1.165.439,82 €.
5. O Remanente de Tesourería para gastos xerais foi positivo por importe de 390.352,24 €.
6. Respecto ó endebedamento, a 31 de decembro de 2011 a débeda viva ascendía a 2.689.042,33 €, polo que sendo os dereitos correntes liquidados de 9702541,18 euros representa un 27,71%, moi por debaixo da ratio legal do 110%.

3.2. Proxección do Orzamento Xeral para o ano 2012.

Tal e como recolle o Regulamento, no seu artigo 20, o Plan conterá información de ingresos e gastos a nivel de capítulo dos orzamentos e as proxeccións orzamentarios de ingresos e gastos do exercicio ou exercicios posteriores ata conseguir o reequilibrio, con un máximo de tres anos.

Por outra banda, dita información deberase presentar consolidada, xunto co desglose individual que permita verificar a agregación das diferentes entidades dependentes integradas. Toda vez que,

como xa se manifestou no apartado II, este concello non ten entidade dependentes algunha, a medición referida ás consolidacións carece de sentido.

A continuación, preséntase un cadro do orzamento de gastos e ingresos do Concello para o exercicio 2012, periodo de vixencia previsto para o plan, toda vez que como logo se verá no presente exercicio acadaríase a estabilidade orzamentaria.

ESTADO DE INGRESOS		PREVISIÓN INICIAL	AXUSTES	IMPORTE AXUSTADO
CAP. I	Impostos directos	3718900	0,00	3718900
CAP. II	Impostos indirectos	55000	0,00	55000
CAP. III	Taxas e outros ingresos	2108004	0,00	2108004
CAP. IV	Transferencias correntes	3656738,56	0,00	3656738,56
CAP. V	Ingresos patrimoniais	49632,23	0,00	49632,23
CAP. VI	Enaxenación Investim. Reais	0	0,00	0
CAP. VII	Transferencias de capital	205783,41	0,00	205783,41
CAP. VIII	Activos Financieros	50000	0,00	50000
CAP. IX	Pasivos Financeiros	0	0,00	0
TOTAL INGRESOS		9844058,2	0,00	9844058,2
Ingresos capítulos I ó VII		9794058,2	0,00	9794058,2(a)
Ingresos capítulos VIII e IX		50000	0,00	50000 (c)

ESTADO DE GASTOS		CRÉDITOS INICIAIS	AXUSTES	IMPORTE AXUSTADO
CAP. I	Gastos de persoal	4278446,68	0,00	4278446,68
CAP. II	Gastos correntes	3851033,53	0,00	3851033,53
CAP. III	Gastos financeiros	111500	0,00	111500
CAP. IV	Transferencias correntes	378156,65	0,00	378156,65
CAP. VI	Investimentos reais	544342,25	0,00	544342,25
CAP. VII	Transferencias de capital	0	0,00	0
CAP. VIII	Activos Financieros	50000	0,00	50000

CAP. IX	Pasivos Financeiros	630579,08	0,00	630579,08
	TOTAL GASTOS	98440548,2	0,00	98440548,2
	Gastos capítulos I ó VII	9163479,12	0,00	9163479,12 (b)
	Gastos capítulos VIII e IX	680579,08	0,00	680579,08 (d)

CAPACIDADE / NECESIDADE DE FINANCIAMENTO EN TERMOS NON FINANCEIROS(a) - (b) .- + 630579,08 €

CAPACIDADE /NECESIDADE DE FINANCIAMENTO EN TERMOS FINANCEIROS (d) - (c) .- + 630579,08 €

4. Memoria explicativa das variacións interanuais nas previsións de gastos e ingresos.

Debe terse en conta que a situación de necesidade de financiamento débese unicamente a que no ano 2011 se procedeu á concertación dun préstamo ICO non previsto inicialmente no orzamento do exercicio 2011 por importe de 391.924,67 euros (capítulo IX de ingresos), para o financiamento da cancelación de débedas das Entidades locais con empresas e autónomos, creada en base ó establecido no artigo 4 do Real Decreto-lei 8/2011, de 1 de xullo, de medidas de apoio ós debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa.

Nese mesmo exercicio, procedeuse ó ingreso -trala orde de disposición de fondos- de parte do préstamo formalizado co BBVA no ano 2010 (préstamo formalizado con periodo de carencia) por importe de 204.790,84 euros para financiar diversos investimentos que foran executados, ingreso que foi contabilizado.

En consecuencia co anterior, e segundo os datos da liquidación do exercicio 2011, os dereitos recoñecidos netos no capítulo 9 de ingresos (Pasivos financeiros) ascenderon a un total de 596715,51 euros, mentres que as obrigas recoñecidas no capítulo 9 de gastos (Pasivos financeiros) importou 541.408,14 €, esa diferenza (Cap. 9 I -Cap. 9 G) provocou unha necesidade de financiación de 55307,37 euros que é necesario correxir.

Por outra banda, o periodo de carencia do préstamo formalizado co BBVA no ano 2010 por un importe total de 463.705,85 euros, rematou no presente exercicio, mes de xaneiro producíndose neste momento o ingreso nas contas municipais e contabilización da cantidade pendente de disposición ata o total formalizado, esto é, 216.915,01 euros.

Polo tanto, a proxección que se fai para o exercicio 2012 baséase nas seguintes pautas:

1.- GASTOS.

- Capítulo 1 (Gastos de personal).

Efectúase a estimación dos gastos de personal do exercicio 2012 tendo en conta a conxelación salarial establecida polo RD Ley 20/2011, de 30 de decembro de medidas urgentes en materia financeira, tributaria y presupuestaria para la corrección del déficit público, así como o anteproxecto de orzamentos xerais do estado para o ano 2012 que prevén que as nóminas no experimentarán ningún incremento respecto ás vixentes a 31/12/2011, en termos de homoxeneidade para os dous periodos de comparación tanto no que respecta a efectivos de personal como á antigüidade do mesmo. Ademais do anterior, prevese a amortización de diversas prazas vacantes na plantilla, así como a dotación orzamentaria para a cobertura interina dunha praza de auxiliar administrativo vacante por maternidade en parte do exercicio 2012. Non se contemplan novos gastos para a contratación temporal tendo en conta as limitacións legais existentes na actualidade.

-Capítulo 2 (Gastos en bens correntes e servicios).

Faise unha previsión dos gastos correntes tendo en conta as obrigas recoñecidas no último exercicio derivados de contratos de suministros, consultorías, asistencias ou servicios que ten suscritos o Concello de Fene, con estimación de reducións nalgún gasto supérfluo.

As dotacións para gastos correntes contemplan o mantemento dos servicios e instalacións municipais, tendo en conta o incremento preciso naqueles contratos administrativos que inclúen unha cláusula de revisión de prezos, así como outros factores que poden influír no incremento do gasto corrente.

Ademais do anterior, e tendo en conta os acordos adoptados polo Pleno da Corporación en sesión de 12 de marzo, dótanse os créditos necesarios para facer fronte ó recoñecemento extraxudicial de crédito das débedas que non puideron ser financiadas con remanente líquido de Tesourería. Igualmente, preverase o crédito necesario para facer fonte ó recoñecemento extraxudicial de débedas do exercicio 2011 que tiveron entrada con posterioridade ó 31/12/2011.

-Capítulo 3 (Gastos financeiros)

Polo que respecta ó capítulo 3 de gastos, a proxección ten en conta asimesmo o incremento dos intereses xerados como consecuencia da amortización do préstamo ICO concertado no exercicio 2011 así como os intereses derivados da operación concertada no ano 2010 co BBVA e cuxo período de carencia rematou neste exercicio.

Os gastos financeiros estímase tendo en conta os datos do Euribor nestes último período, ou, no caso de tratarse de operacións con tipo fixo, tendo en conta os datos da oferta.

A estimación dos intereses plásmase na táboa seguinte:

Préstamo	Importe interés, 2012
Intereses: prest.BCL 2010	20.000,00 €
Intereses préstamo ICO, cota 2012	25.500,00 €
Int. Caixa Galicia. Préstamo 2001	3.000,00 €
Int. Caixanova. Préstamo 2002	7.200,00 €
Int. BCL préstamo.2000	3.000,00 €
Int. BCL prést. 2005 (700000 €)	8.000,00 €
Int. Caixa Galic. préstamo refinanc._2000	75.00,00 €
Int. Prest. BCL 2008 (399000 €)	20.000,00 €
TOTAL	94.200,00 €

-Capítulo 4 (Transferencias correntes)

O importe deste capítulo mantense en termos similares en canto ó destino dos créditos e o seu importe respecto dos consignados no orzamento do exercicio 2011. Unicamente destacar que á vista prevese unha minoración importante do crédito destinado a facer fronte á aportación municipal derivada do convenio asinado co Consorcio de Servizos de Igualdade para o mantemento da escola infantil municipal en virtude das liquidacións inicialmente presentadas polo Consorcio e sobre as que o Concello presentou alegacións e que a día de hoxe atópanse pendentes de resolución.

-Capítulo 6 (Investimentos reais).

Contémplase neste capítulo o investimento relativo ó POS 2012, así como a aportación municipal que lle corresponde asumir ó Concello para a execución das obras de "Renovación das redes de abastecemento de auga na Rúa Alta e a torre".

Igualmente, contéñense os créditos necesarios para facer fronte ó recoñecemento extraxudicial de crédito aprobado polo Pleno en sesión de 12 de marzo que foron financiados con baixas ou transferencias doutras aplicacións e para as que é necesario habilitar crédito no orzamento do presente exercicio.

Finalmente, indicar que se contemplan neste capítulo outros gastos con destino ó amaño de camiños municipais, adquisición de terreos, reparacións de vehículos, compra de mobiliario e equipamento informático, reparacións importantes en alumado público,etc.

-Capítulo 9 (Pasivos financeiros).

O cadro resume do estado da débeda para o exercicio 2012 é o seguinte:

PRÉSTAMO	Cota Amortización, 2012	Amortización adicional, 2012
CAIXA GAL.-01	26.324,70 €	
CAIXA GAL.-00	71.123,00 €	
CAIXAN OVA-02	82.250,00 €	
BCL-2000	82.000,00 €	
BCL-2005	69.760,00 €	
BCL-2008	21.000,00 €	
BCL-2010	31.000,00 €	
BBVA (ICO 2011)	122.507,00 €	124.614,38 €
TOTAL	630.579,08 €	

Destacar, pois que se consignan os créditos necesarios para facer fronte ás cotas de amortización dos préstamos vixentes no exercicio así como unha previsión de amortización adicional do préstamo ICO/2011, préstamo que a día de hoxe ten o tipo de xuro mais elevado (6,5%).

2. INGRESOS.

-Impostos directos.

Como novidade mais salientable, destacar que no IBI, efectúanse unhas estimacións prudentes tendo en conta os datos da recadación do imposto no último exercicio así como a previsión do incremento do tipo de gravamen para este exercicio nun 6% en aplicación do previsto no artigo 8 do RD Ley 20/2011.

No resto dos impostos, as previsións realízanse tendo en conta os datos da última liquidación do exercicio.

-Impostos indirectos.

Efectúase unha previsión de recadación en 55000 € como consecuencia do estancamento económico que está afectando gravemente ó sector da construción.

-Tasas e outros ingresos.

Efectúase a previsión das taxas e prezos públicos tendo en conta os datos da liquidación do 2011 así como a previsión de non incrementos nas ordenanzas fiscais para o presente exercicio.

En canto ós importes das previsións das transferencias e subvencións doutras administracións públicas, indicar que para o exercicio 2012 se realiza a previsión tendo en conta un axuste dun 25% sobre o importe concedido no exercicio 2011.

Non obstante o anterior, e polo que respecta á Participación de Tributos do Estado, cuantifícase en 2.347.172,26 € tendo en conta o importe que lle corresponde ó concello para este exercicio (2141469,74 €), o importe da liquidación definitiva da PTE do exercicio 2010 (Real Decreto Ley 9/2012, de 7 de marzo) que é positiva en 284969,12 euros, así como o importe que neste exercicio cómpre realizar polas devolucións das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009 (79266,60 €).

No referente ó Fondo de Cooperación Local, e tendo en conta a información remitida dende a Xunta de Galicia, prevese un total de 567.522,94 €, como consecuencia do importe previsto para o presente exercicio así como da liquidación positiva do exercicio 2010.

Destacar, en último termo, a previsión da aportación provincial do POS 2012 para o financiamento de gastos correntes do presente exercicio por un importe de 137.277,36 euros.

-Ingresos patrimoniais.

Polo que respecta ó ingreso polo aluguer do local do mercado estímase aplicando o incremento do IPC segundo o contrato asinado .

Faise igualmente unha previsión prudente en canto ós ingresos polos xuros de depósitos bancarios así como polas concesións administrativas dos nichos do cemiterio municipal.

-Enaxenación de investimentos reais.

Non se contempla ningún ingreso por este concepto.

-Transferencias de capital.

Prevese a aportación da Deputación para o financiamento do POS do exercicio 2012.

Tamén se contempla, a participación da Deputación Provincial en 90000 € nun convenio para a execución de investimento en limpeza viaria.

-Activos financeiros.

Prevese unha cantidade de 50000 € con destino ós anticipos de nómina do personal.

-Pasivos financeiros.

Non se contempla a concertación no presente exercicio de ningunha operación crediticia. Deste xeito, conseguiríase o cumprimento da estabilidade orzamentaria no presente exercicio.

CONCLUSIÓN

No presente exercicio, con todas as hipóteses expostas, e coa aprobación do presente Plan económico-financieiro, o Orzamento Xeral do Concello proxectado para o ano 2012 aprobaríase cunha situación de capacidade de financiamento, recuperándose a situación de estabilidade orzamentaria esixida pola normativa vixente."

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 26 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, ordenar a súa inserción, a efectos exclusivamente informativos, no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Dar traslado do plan económico-financeiro ós organismos que procedan dacordo co establecido na Lei de Estabilidade Orzamentaria e Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.>>

Inicia o debate o concelleiro do PP don Juan José Franco Casal que manifesta que este plan se trata da segunda medida que toma o goberno municipal este ano para regularizar a situación económica como medida de estabilidade orzamentaria. Así, no Pleno de marzo pagáronse aos provedores antes de que se producira a obriga de pedir algún tipo de crédito e esta vez tamén se adiantan ás posibles medidas que puidesen vir da man da entrada en vigor a nova Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril.

Di que con este plan só se cumpre cun mandato legal que provén do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, que obriga no prazo de tres meses, caso de que non haxa estabilidade orzamentaria, á realización dun plan económico financeiro.

Continúa dicindo que, froito desa obriga legal, reforzada pola nova Lei que acaba de entrar en vigor, se aprobou o plan, o cal vén a solventar o desequilibrio que se produciu como consecuencia do crédito que houbo que pedir para o pagamento a provedores de débedas pasadas.

Remata dicindo que a Lei orgánica entrou en vigor antonte e o plan foi aprobado o luns, pero que é totalmente válido, inda que o seu seguimento e execución deberase cumprir seguindo a nova Lei, que obriga á prioridade absoluta do pago da débeda por riba de calquera outro gasto.

De seguido intervén o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que o plan non foi aprobado o luns senón só ditaminado favorablemente e pregunta se contaría o prazo de aprobación indistintamente da data na que o vai aprobar o Pleno.

Contesta o concelleiro don Juan José Franco Casal que efectivamente hoxe é o último día en que pode aprobalo o Pleno, pero que interpretan que o plan é respectuoso coa nova Lei.

Prosegue o concelleiro don Iván Puentes Rivera dicíndolle ao concelleiro don Juan José Franco Casal que se contradeceu un pouco, xa que o plan de saneamento o presenta a Intervención municipal e non o goberno municipal e que o fai porque é unha obriga legal é non a segunda gran medida que adopta a Concellería de Facenda.

En relación co plan económico financeiro anuncia a abstención do seu grupo e considera que se trata dunha cuestión técnica, obrigada legalmente, e que é bo que as contas estean cada día máis saneadas, pero entende, non obstante, que o plan supón pechar as liñas mestras do que terá que ser o orzamento municipal, orzamento non está presentado nin aprobado polo Pleno, polo que non poden votar a favor.

Remata dicindo que lles gustaría que o plan económico viñese para a súa aprobación en paralelo co orzamento municipal e que como é certo que ten que estar aprobado nestas datas, non van obstaculizar que se cumpra a Lei, pero tampouco o poden apoiar.

De seguido intervén o voceiro do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que, segundo o dito polo concelleiro don Juan José Franco Casal, a medida foi traída a pleno antes de que fora forzosa, o que non xustifica a urxenza da súa presentación.

Prosegue dicindo que hai un plan técnico que dá conta do desequilibrio existente pero baseado nunha política de déficit cero do PP contra a que o BNG está totalmente enfrontado, unha política terrible, xa que se trata da entrega real do Concello, da intervención real, ao Estado, na que se recortan os ingresos e se aplica un rigor orzamentario co que se lles di que o primeiro que se debe pagar son os intereses da débeda.

Considera que este plan contén un adianto do crédito ICO, sobre o que xa advertiron que tiña uns xuros moi elevados, un plan que antepón ese rigor orzamentario de déficit cero ao que é a xestión municipal e ao que son as persoas, de forma que co crédito ICO solicitado conseguíuse que o Concello estea amarrado e sometido ao control e fiscalización do Estado.

Prosegue dicindo que xa dixo cando se aprobaron os orzamentos en agosto que lle parecía sorprendente como se podía traer un orzamento sen facer unha análise da situación que había de débeda importante a provedores, a cal non era responsabilidade do partido entrante pero si a xestión que este tiña que facer; así as cousas, decidiuse solicitar o crédito ICO a un 6,5% e pagar as facturas a provedores rapidamente, o que obriga agora a facer un plan financeiro que marca como vai ser o orzamento do ano 2012.

Entrando no concreto, di que hai que corrixir 55.000 euros por culpa do crédito ICO, que non se contemplan novos gastos en contratación de persoal senón amortizacións de prazas, o que non se falou na Comisión correspondente nin se falou na mesa xeral cos traballadores do Concello, polo que neste capítulo faltan máis de cen mil euros e non sabe por que. Engade que o capítulo II sube un

pouco sen saber o porqué, cando o goberno está sacando contratacións e isto debía provocar unha baixada de gastos correntes; en definitiva considera que o orzamento do ano 2012 vai tender á privatización, marcando como prioridade a baixada do capítulo I e aumento do II, así como o pagamento da débeda bancaria.

Di que non comparte ese criterio, máxime tendo en conta que os ingresos non son froito da xestión municipal, senón da suba do IBI, pasando Fene a pagar un dos tipos máis altos da comarca, só por detrás do Concello de Narón, ingresos que suporán uns 300.000 euros que van ser os que cadren o vindeiro orzamento, por non falar dos investimentos que é continuar coas obras do PCC e POS provincial.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple co voto de calidade do alcalde unha vez obtidos 6 votos a favor do grupo do PP, 5 abstencións do grupo socialista e 6 votos en contra, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

Primeiro.- Aprobar o Plan Económico-financieiro para o exercicio 2012 anteriormente transcrito.

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 26 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, ordenar a súa inserción, a efectos exclusivamente informativos, no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Dar traslado do plan económico-financieiro ós organismos que procedan dacordo co establecido na Lei de Estabilidade Orzamentaria e Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.

PUNTO NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO SOCIALISTA

En primeiro lugar o alcalde di que se van contestar unhas preguntas formuladas por escrito pola concelleira María Carmen Silvar Canosa, con rexistro de entrada 3440 de data 17/04/2012, ás que resposta o concelleiro do grupo popular don José Andrés Serantes Painceiras que di que, respecto duns traballos feitos en Barallobre, dos oito traballos, cinco están feitos e que falta a colocación duns colectores en tres lugares distintos que non se poden mercar ata que non se aproben os orzamentos.

Acto seguido o voceiro do grupo socialista procede a formular os seguintes rogos e preguntas que foron contestados como segue:

-¿ Está feita a limpeza de cunetas nas zonas próximas a Rego da Moa? Contesta o concelleiro D. José Andrés Serantes Painceiras que a limpeza dos rexistros está feita e que se está rematando o desbroce.

-¿Que motivos levaron á contratación da empresa que realizará a relación de postos de traballo? O concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez resposta que o primeiro é facer a RTP marcándolle sempre como liña a seguir á empresa a do consenso e que se recorreu a esta empresa porque precisaban dalguén que dominara o tema, contándose con boas referencias doutros concellos. Engade que, segundo se avance no documento, se irá informando a todos e que o obxectivo é chegar a un acordo que teña o maior consenso posible.

- ¿Cal é o custe da externalización dos traballos de riscos laborais do Concello? Contesta o concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez que vai ser de 7.000 euros aproximadamente fronte aos 49.000 euros que custaba ata agora.

-¿Cando van ter acceso os grupos municipais ao borrador do PXOM? Roga dito acceso. A concelleira D^a Rocío Aurora Bertoa Puente di que houbo unha Comisión na que se pediu poder consultar o PXOM coa presenza do equipo redactor e isto aínda non resultou posible.

- ¿Hai algunha previsión para a entrada en funcionamento do abastecemento de auga dos veciños do contorno da Liga de Amigos en Barallobre? O alcalde responde que se está pendente da recepción das beirarrúas para poder dar auga aos veciños.

En relación coas beirarrúas de Barallobre, o concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez di que a semana pasada a Deputación Provincial da Coruña recepcionou a obra e logo disto, será comunicado ao Concello, que xa poderá concluír o proceso.

-¿Por que estiveron pechados os baños do pavillón da Xunqueira o sábado no que se celebrou a xuntanza de palilleiras e o domingo no que se celebrou a feira outlet? Resposta o concelleiro D. Juan José Franco Casal que debido ás fortes choivas que se produciron houbo un problema de inundacións nos baños, que foron pechados por precaución, quedando para usar só os interiores. Engade que a zona foi sinalizada e tamén se avisou á empresa Aquagest para que solucionara o problema.

-¿ Segue a prestar servizos a anterior empresa que se encargaba da limpeza e mantemento das instalacións deportivas, SEDEGA?

A concelleira D^a Rocío Aurora Bertoa Puente contesta que a empresa segue traballando porque inda non se formalizou o contrato coa nova empresa, de feito no día de hoxe foi aprobado na Xunta de Goberno Local que se formalice en 15 días.

-En relación ao centro sociocomunitario e logo de ver que cada vez hai menos persoal que o atenda, ¿vai facer o goberno municipal algunha xestión para recuperar a figura do conserxe?

Contesta a concelleira D^a Juana Barro Couto que se está traballando na posibilidade do conserxe e que mañá vén o Xefe Territorial a inaugurar a cafetería, polo que tratarán de negocialo.

- En relación coa Casa de Cela, ¿teñen información do proxecto e dos prazos que marcou a Deputación Provincial da Coruña? O 1 de novembro, ¿é o prazo para ter a obra adxudicada ou rematada? O alcalde resposta que irá no día de mañá á Deputación e confirmará a data.

- En relación co incendio nas Fragas do Eume saíu nos xornais que a motobomba de Fene estivo inactiva, cando realmente se pedían máis medios, ¿ recibiu o goberno municipal algunha chamada ou solicitude da Xunta de Galicia para mobilizar a motobomba municipal e atender dito incendio?

O concelleiro D. José Andrés Serantes Paineiras resposta que a motobomba non foi solicitada nin pola Xunta de Galicia nin por ningún outro organismo e que se estivo pendente naqueles días por se tivera que actuar.

-¿Hai previsión de regular o tráfico na zona da rúa Tellerías? Roga que se coloquen os sinais correspondentes para que esta rúa teña sentido único.

O concelleiro D. Alejandro Dopico Rodríguez resposta que non hai data concreta para actuar.

- Roga respecto do parque infantil de Limodre que se teña en conta para as vindeiras axudas que todos os anos dá a Deputación Provincial da Coruña, xa que ten o piso de caucho en mal estado.

- Respecto do escrito presentado polo colexio dos Casais sobre diversas deficiencias, lembra que o anterior goberno municipal xa se dirixiu á Xunta de Galicia nos anos 2009 e 2010 para solicitar que arranxara o solicitado polo colexio, fundamentalmente a substitución as fiestras de pavés por outra solución, polo que lle roga ao goberno municipal que volva solicitar da Consellería estas actuacións.

O alcalde di que hai solicitada unha reunión co Conselleiro de Educación dende hai aproximadamente unha semana e di que aproveitará a reunión para preguntar sobre o orzamento do instituto.

-Roga para que se leven os escritos dos veciños ás Comisións Informativas.

- Roga para que se lle facilite o informe sobre os cambios de persoal do Concello.

- Roga para que o goberno municipal siga a facer xestións para recuperar a traballadora social do centro sociocomunitario.

A concelleira dona Juana Barro Couto di que o Concello dispón de cinco traballadoras sociais, que Fene ten uns trece mil habitantes e que pensa que é unha boa proporción.

- Roga que as actas sexan un pouco máis literais, xa que hai diversas cuestións que se tratan nas Comisións Informativas que non se reflicten.

-¿Solicitouse algún tipo de subvención ao abeiro das axudas convocadas pola Xunta de Galicia para a intervención en polígonos industriais? Resposta o concelleiro D. Juan José Franco Casal que foi solicitada unha axuda á Deputación Provincial, estando en estudo solicitar as da Xunta.

-¿Interesouse o equipo de goberno en saber se a Xunta de Galicia vai ter algunha partida orzamentaria no vindeiro curso para a ampliación do centro escolar de Barallobre?

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO DO BNG

- ¿Cando se prevé que Eulen comece a prestación de servizos?

- Estanse facendo unhas actuacións de desmonte en Laraxe, no Concello de Cabanas, ¿teñen algo que ver coas actuacións conxuntas de Cabanas e Fene, xa que no ano 2008 houbo unha actuación do SEPES que logo se paralizou por culpa do Camiño Inglés, ou se trata dunha operación de limpeza do Concello de Cabanas?

O alcalde di que SEPES non notificou nada ao Concello.

- Roga que se limpen e pinten as pistas de tenis de Perlío.

O alcalde di que se fará cando mellore o tempo.

- Roga que se paguen canto antes todas as subvencións ás entidades que aínda están pendentes.

-Roga que se convoque a mesa xeral de negociación para tratar todos estes temas que se faloron coma o propio Plan de estabilidade, a prevención de riscos laborais, a RPT, xa que a Mexa xeral é o ámbito no que se ten que dar conta e comezar a xestionar todos estes temas e non facelo mediante Resolucións da Alcaldía.

-Roga que se atendan as demandas do Colexio dos Casais e roga que se convoque o antes posible o Consello Escolar Municipal, xa que así se podería facer unha petición de conxunto para que o vindeiro curso comece en boas condicións.

- Roga que se faga unha revisión total dos parques, xa que moitos outros parques precisan de pequenas actuacións cara a evitar riscos que poden danar aos pequenos, que concretamente no parque do río Cádavo en Perlío hai un colector na zona dos xogos infantís que non ten uso e que fai falla a súa retirada.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MIXTO

-¿Hai algunha novidade ou previsión de cando se vai facer a segunda escola infantil?, xa que a día de hoxe hai 29 nenos e nenas en lista de espera.

O alcalde di que non houbo ningunha novidade, que o Xerente do Consorcio dixo na reunión da última asemblea xeral que era unha prioridade e que se estaba pendente do financiamento do Ministerio.

- Roga que a documentación das comisións que son notificadas os xoves poida ser consultada no rexistro os sábados.

O alcalde di que se toma nota do rogo.

-¿Que aconteceu co muro do Eroski xa que se dixo que se ía derrubar e facer un espazo para cans e segue sen tirarse? Resposta a concelleira D^a Rocío Aurora Bertoa Puente que segue en pé o plan de tirar o peche pero que só hai un operario palista e agora está traballando arranxando camiños.

- ¿Cando se ten pensado convocar o Consello Escolar Municipal? A concelleira dona Rocío A. Bertoa Puente di que xa se lles comunicará por escrito a todos os grupos políticos cando se vai convocar.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 19:47 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas